



MÁSTER EN MÁRketing, CONSULTORÍA E COMUNICACIÓN POLÍTICA  
FACULTADE DE CIENCIAS POLÍTICAS E SOCIAIS

**TRABALLO DE FIN DE MÁSTER**  
**O GOBERNO LOCAL DO BNG EN CARBALLO:**  
**CARREIRA DE FONDO OU TORMENTA**  
**PERFECTA? (2003-2016)**

**TRABAJO DE FIN DE MÁSTER**  
**EL CASO DEL GOBIERNO LOCAL DEL BNG EN CARBALLO: ¿CARRERA DE FONDO**  
**O TORMENTA PERFECTA? (2003-2016)**

**MASTER THESIS WORK**  
**BNG LOCAL GOVERNMENT IN CARBALLO: LONG DISTANCE RUN OR PERFECT**  
**STORM? (2003-2016)**

**ALUMNO/STUDENT: MANUEL REY PAN**  
**TITOR/TUTOR/MANAGER: D. ANTÓN LOSADA TRABADA**

**SETEMBRO DE 2015**

# ÍNDICE

|  | PÁXS.     |
|--|-----------|
| <b>1- INTRODUCCIÓN E OBXECTO DO ESTUDO</b>                   | <b>3</b>  |
| <b>2- MARCO TEÓRICO</b>                                      | <b>4</b>  |
| a) A INVESTIGACIÓN SOBRE COMUNICACIÓN POLÍTICA MUNICIPAL     | 5         |
| b) LIDERADO NA POLÍTICA LOCAL                                | 5         |
| c) O MÁRKETING POLÍTICO MUNICIPAL                            | 6         |
| d) DINÁMICAS DOS PROCESOS ELECTORAIS MUNICIPAIS              | 8         |
| e) MODELOS DE COMPORTAMENTO ELECTORAL                        | 9         |
| f) A CONSTRUCCIÓN DA AXENDA, <i>FRAMING</i> E <i>PRIMING</i> | 10        |
| g) HIPÓTESES DE ESTUDO                                       | 12        |
| <b>3- METODOLOXÍA</b>  | <b>13</b> |
| <b>4- ESTUDO DE CASO: O GOBERNO LOCAL DO BNG EN CARBALLO</b> |           |
| 4.1: O POBO DE CARBALLO.                                     | 15        |
| 4.2: OS GOBERNOS MUNICIPAIS DEMOCRÁTICOS EN CARBALLO         |           |
| 4.2.1: O GOBERNO DO CENTRO-DEREITA (1979-2003)               | 18        |
| 4.2.2: O GOBERNO DO CENTRO-ESQUERDA (2003-2016)              | 23        |
| 4.3: ¿ CARREIRA DE FONDO OU TORMENTA PERFECTA?               | 28        |
| 4.3.1.OS RESULTADOS ELECTORAIS (2003-2015)                   | 28        |
| 4.3.2.O NACIONALISMO E A ESQUERDA EN CARBALLO                | 32        |
| 4.3.3.O LIDERADO DE EVENCIO FERRERO                          | 41        |
| 4.3.4.A DIVISIÓN DO CENTRO-DEREITA E A PERDA DA<br>HEXEMONÍA | 44        |
| 4.3.5.A ACCIÓN DE GOBERNO DO BNG                             | 57        |
| <b>5- CONCLUSIÓNS</b>  | <b>67</b> |
| <b>6- BIBLIOGRAFÍA E FONTES</b>                              | <b>73</b> |
| <b>7- ENTREVISTAS</b>  | <b>75</b> |
| <b>8- ANEXO DOCUMENTAL</b>                                   | <b>76</b> |

## 1. INTRODUCCIÓN E OBXECTO DO ESTUDO

Este traballo pretende realizar unha aproximación ás claves da consolidación do goberno local do BNG no Concello de Carballo entre os anos 2003 e 2015. A través da análise dos principais acontecementos destes doce anos, de entrevistas con algúns dos principais protagonistas e da revisión da literatura referente ao tema, intentaremos achar os resortes políticos e comunicativos que contribuíron ao éxito deste proxecto político dentro dun contexto que, en principio, parecía bastante desfavorable.

Carballo é, xunto con Pontevedra e Allariz, un dos paradigmas da capacidade de xestión local dos que presume a formación nacionalista. A singularidade deste caso recae, a diferenza dos outros dous municipios sinalados, en que o apoio electoral ao BNG medrou de xeito constante ao longo de varios os comicios municipais desde que o partido acadou a alcaldía, mentres que en Pontevedra Lores estivo a piques de perder a alcaldía e en Allariz existe unha hexemonía longa no tempo, pero estable nos resultados electorais. O crecemento en Carballo é máis salientable se cabe xa que coincidiu no tempo co constante retroceso electoral que vén experimentando a formación frontista nas eleccións xerais e autonómicas desde o ano 2001.

O 14 de xullo do 2003, Evencio Ferrero (BNG) converteuse en alcalde de Carballo grazas aos apoios de PSdeG e CDI (Centro Democrático Independiente, posteriormente Terra Galega), Ferrero sumaba os votos de 12 dos 21 concelleiros da corporación (6 do BNG, 4 do CDI e 2 do PSdeG), fronte aos 9 do candidato do PP, Manuel Varela Rey, que ostentara a alcaldía desde o ano 1991.

Ata hoxe, Ferrero, concelleiro en activo de forma ininterrompida desde o ano 1979, conseguiu revalidar a alcaldía en tres ocasións máis, sempre mellorando o resultado dos anteriores comicios. En 2007 pasou de 6 a 9 concelleiros e obtivo 2.300 votos máis. En 2011, o BNG chegou ás 10 actas e en 2015 acadou a maioría absoluta con 11 concelleiros, a pesar de que, debido ao aumento da abstención, experimentou o seu primeiro retroceso desde 2003 en número de votos. Con esta vitoria, Evencio Ferrero converteuse ademais no único alcalde de Carballo investido por cuarta vez, rachando coa tendencia de gobernos de doce anos que persistían desde a Transición.

Aínda que para o desenvolvemento deste traballo é preciso ter unha visión xeral das sucesivas eleccións municipais en Carballo desde a Transición, o noso principal marco de estudo será o período 2003-2016, co fin de atopar as claves da “burbulla” de éxito do BNG carballés en medio dun contexto adverso para a formación a nivel autonómico e estatal. Para isto,

prestaremos atención aos condicionantes políticos municipais e á estratexia que mantiveron ao longo deste tempo o BNG e o resto de partidos da corporación carballeira.

Desta forma, estableceremos a seguinte estrutura no traballo:

- **Introdución e obxecto de estudo:** no apartado que figura sobre estas liñas, expoñemos de maneira breve os feitos que imos analizar.
- **Marco teórico:** será a guía a partir da cal estableceremos as nosas hipóteses, que posteriormente nos levarán a marcar as conclusións que sacaremos en claro de todo o traballo de investigación.
- **Metodoloxía:** neste punto explicaremos as fontes de información e os métodos, tanto cualitativos como cuantitativos, que empregamos para obter os datos, verificar as hipóteses e establecer as conclusións.
- **Estudo de caso:** neste punto, o cerne do traballo, expoñeremos os feitos e os datos que nos servirán para verificar as nosas hipóteses e encamiñar as conclusións.
- **Conclusións:** despois da exposición de todos os elementos pertinentes para comprender os feitos que son obxecto da análise, presentaremos as conclusións ás que chegamos, que nos servirán como verificación das nosas hipóteses.
- **Bibliografía e fontes:** neste punto enumeraremos todo o material bibliográfico e documental que empregamos ao longo da elaboración do traballo.
- **Entrevistas:** achegaremos os cuestionarios realizados a cada un dos actores entrevistados para a obtención dos datos que conforman o estudo de caso.
- **Anexo documental e estatístico:** neste apartado imos incluír algún documento que contribuirá á mellor comprensión deste traballo.

## 2. MARCO TEÓRICO

### a) A investigación académica sobre comunicación política municipal:

Segundo sinala Conchi Campillo no seu artigo “*Investigación en comunicación municipal: estudios y aportaciones académicas*” (2012), a comunicación política no eido municipal non suscitou en España un grande interese no contexto académico ao longo dos últimos lustros. Nese artigo, a autora realiza unha revisión da literatura sobre o tema. Tras levar a cabo a devandita investigación, sinala que só se atoparon no repositorio Teseo, do Ministerio de Educación, cinco memorias de investigación relacionadas coa comunicación municipal.

Respecto á especificidade da comunicación política no ámbito municipal, Campillo afirma que “o eido local caracterízase por ser sumamente dinámico. Nel interveñen diferentes axentes como os medios de comunicación social, os movementos asociativos e o tecido social, os cidadáns individuais e plurais, ademais doutros niveis administrativos”. Continúa Conchi Campillo remarcando que “os concellos teñen que adaptarse permanentemente a novas circunstancias e esixencias sociais, establecendo ou propiciando procesos de comunicación pública que permitan mostrar (e demostrar) aos cidadáns que eles constitúen o epicentro da actuación administrativa”.

Sobre o papel dos gabinetes de comunicación municipal, Conchi Campillo afirma que estes se converteron “en auténticas direccións de comunicación que traballan cun dobre propósito: dar a coñecer aos diferentes segmentos da cidadanía ao ente municipal como organización que presta servizos e desenvolve actividades de diferente índole e, por outra parte, propiciar políticas de proximidade e participación cidadá a través de procesos de comunicación bidireccional”. Engade a autora que ambos se propoñen, como obxectivo final, “consolidar unha imaxe positiva que redunde na credibilidade e lexitimación da organización pública”.

### b) Sobre o liderado na política local

Unha das máximas do refraneiro popular da política é aquela máxima que afirma que nas eleccións municipais “vótase á persoa, non ao partido”. Máis alá da de teoría política de andar por casa, creo que é preciso abordar en profundidade a relevancia que na política local se lle outorga ao cabeza de lista. Sobre este punto, nun traballo centrado nos comicios locais de 2011, Jaraiz e Lagares (2012) fanse varias preguntas: “que é o que fai realmente singular ao liderado municipal?”; “que valoran os cidadáns no seu alcalde que o fai diferente doutros liderados políticos?”; “de verdade o partido, a identificación e marca contan menos nas eleccións municipais que nas xerais?”

Nas conclusións do seu traballo, Jaráiz e Lagares apuntan que a valoración do liderado é máis importante nas eleccións municipais que nas xerais en canto á decisión de voto, pero ao mesmo tempo, sinalan que non é a condición suficiente para explicar dita decisión. Así, a identificación partidista sempre está presente, pero en diferente medida dependendo da cidade da que se trate. Xusto a continuación, as autoras destacan que “non cabe dúbida de que a eficacia e a proximidade aos cidadáns son os atributos que máis inflúen na valoración que estes fan dos líderes locais”.

Respecto á importancia do liderado tamén é pertinente recoller a reflexión de Ruiz e Lagares (2013), sobre a crise das organizacións de esquerda en Galicia. Sinalan que “na política do noso tempo, os partidos que non teñen unha implantación cidadá masiva precisan líderes; e que de nada serven os cadros partidarios sen liderado á hora da competición electoral, onde deciden os cidadáns”. Posteriormente, as autoras afondan no caso que máis nos abrangue, o do BNG, no que profundaremos máis adiante a través doutras referencias bibliográficas. Aínda así, non podemos obviar algúns detalles sinalados neste artigo que converten o caso do BNG de Carballo nunha sorte de merlo branco dentro do devalo electoral desta formación no ámbito galego. Sinalan Ruiz e Lagares que o BNG comezou a caer en número de escanos e votos, “primeiro nas eleccións autonómicas de 2001, despois nas locais de 2003, sobre todo nas cidades, e máis tarde nas eleccións autonómicas de 2005, obtendo só 13 escanos”, aínda que ao engadirse aos 25 do PSdeG, permitíronlle aos nacionalistas entrar por primeira vez no goberno da Xunta de Galicia.

Como xa sinalamos na introdución, a tendencia do BNG carballés é diametralmente oposta á da formación no conxunto do país. Certo é que no 2003, o Bloque perde dous concelleiros e máis de mil votos en Carballo respecto a 1999, na mesma liña ca no resto de Galicia. Pero aí comeza o cambio do que xorde unha das cuestións principais deste traballo: Por que o BNG carballés mellora en cada cita electoral os seus resultados ao mesmo tempo que a fronte vai perdendo respaldo en cada elección xeral e autonómica?

### **c) Sobre o márketing político municipal**

Asensio (2008) sinala que o obxectivo do márketing político consiste “en detectar os desexos do votante e adaptar estes desexos ao produto electoral”. Continúa Pedro Asensio apuntando que se xera unha equiparación entre demanda e corpo electoral, por unha parte, e produto e partido político, por outra. Así, o autor desenvolve catro tipos de produtos de márketing político municipal:

- Partido político: os gobernos municipais están apoiados por un partido político. Estas organizacións captan non só votantes, senón tamén afiliados e simpatizantes. Así, un dos obxectivos do márketing municipal será a identificación dos éxitos da xestión municipal co partido que sustenta dito goberno para, deste xeito, estender o respaldo electoral dos comicios locais a citas autonómicas e xerais.
- Ideoloxía: os partidos fundaméntanse nun conxunto de principios, valores e crenzas sobre un determinado modelo de sociedade, organización do estado, da comunidade e do municipio, unha idea sobre a convivencia social e outros temas que afectan ao conxunto dos cidadáns (o modelo de familia, a propiedade privada, a fiscalidade, etc.). Desde os concellos tamén se pode posibilitar o reforzamento ou debilitación destes postulados políticos.
- Programa de goberno: os partidos precisan plasmar, antes de cada cita electoral, un plan que explique o que pensan facer. Desde o márketing político municipal impúlsanse as accións de goberno e lógranse identificar as adhesións da cidadanía a favor de ditas accións. Búscase o recoñecemento e apoio das medidas incluídas no programa electoral.
- Liderado: a importancia da figura do cabeza de lista nas eleccións locais, sinalada en numerosas ocasións ao longo deste traballo, tamén é salientable desde a perspectiva do márketing. Por este motivo, Asensio dedícalle un epígrafe ao márketing de liderado municipal. Introduce o asunto dicindo que “en política, un non é o que é, senón o que perciben de ti”. A continuación, establece unha dobre vertente da imaxe do líder político:
  - Imaxe esencial: é a aparencia derivada do que se entende estritamente como acción de goberno. Asensio pon, como exemplos, o “alcalde deportista”, que inviste millóns de euros en instalacións deportivas, ou o “alcalde melómano”, que basea a programación cultural na música clásica.
  - Imaxe formal: baséase nos aspectos alleos á xestión política e administrativa. É a impresión que o líder proxecta nos medios e na relación cotiá cos veciños. A súa conduta non verbal (mirada, expresión, postura, contacto, aparencia física) e verbal (ton de voz, volume, inflexión, claridade, vocabulario, código, etc.)

No seu libro *Marketing municipal*, Asensio define nun sumario algúns dos atributos relevantes dun líder municipal. Cremos relevante pararnos neste punto, xa que a valoración do alcalde de Carballo, Evencio Ferrero, é polo xeral boa na sociedade municipal, sexa entre os seus simpatizantes ou entre os seus adversarios políticos.

| <b>ATRIBUTOS DUN LÍDER POLÍTICO MUNICIPAL</b> |                         |                        |                               |                           |
|---|-------------------------|------------------------|-------------------------------|---------------------------|
| - Capacidade de crear bo equipo               | - Dialogante            | - Instinto de liderado | - Adaptación ao cambio        | - Cooperante              |
| - Próximo                                     | - Coñece os problemas   | - Preparado            | - Relacións políticas óptimas | - Confianza               |
| - Moderno                                     | - Proxección translocal | - Eficacia             | - Honestidade                 | - Respaldado polo partido |
| -Respaldado polo equipo                       | - Experto               | - Innovador            | - Seguro                      |                           |

#### **d) Sobre as dinámicas dos procesos electorais municipais**

Capó (1991) sinala que, á hora de decidir o voto nas eleccións municipais, o prestixio persoal dos candidatos é capaz de romper as fidelidades partidistas dos votantes, segundo criterios distintos en cada ámbito municipal. Ante isto, Capó propón unha dobre aproximación no estudo da orientación do sufraxio a este nivel. Por unha parte, di, precísanse estudos de socioloxía electoral, que buscarían a lóxica do voto nas causas internas, sociais ou políticas de cada localidade; e por outra parte, dentro dunha reflexión máis ampla, estudos sobre a *nacionalización* do voto, apuntando cara unha maior influencia da identificación partidista. Non en tanto, neste traballo, Capó acaba concluíndo que as dinámicas electorais municipais e estatais se retroalimentan e non funcionan de xeito independente.

Afonda neste tema Márquez (2004) nun traballo no que identifica varias tendencias xerais nas eleccións locais e provincias galegas celebradas entre 1979 e 2004:

- A existencia de liderados locais cuxa existencia está ancorada de maneira próxima no tardofranquismo e que a partir das primeiras eleccións locais democráticas de 1979 se van conformando outros novos nun proceso paulatino de lenta renovación.
- A volatilidade electoral nas eleccións locais está relacionada con procesos de mobilidade política das autoridades locais. É dicir, provocada pola desaparición de partidos, fusións e integracións, coalicións electorais e comportamentos de transfuguismo. Estes aspectos teñen unha importancia fundamental para comprender o acontecido en Carballo. Continúa Márquez sinalando que a persoalización da política local ten a súa incidencia na

manifestación dun certo voto dual diferenciado entre as eleccións locais e as lexislativas, xa sexan xerais ou autonómicas. Engade que a persoalización é unha das sinais de identidade das eleccións locais.

- A *nacionalización* é unha característica propia da representación local. É dicir, a preponderancia nas eleccións locais dos partidos de ámbito estatal ao longo da democracia (UCD, AP/PP e PSdeG PSOE).
- Márquez fala tamén da *rexionalización*, a competición entre partidos de ámbito non estatal. O autor identifica dúas tendencias que teñen o seu punto de inflexión nas eleccións locais de 1995, coa práctica desaparición das entidades de orientación centrista, como Coalición Galega, e a integración de Centristas de Galicia no PP. Nese mesmo momento, destaca o incremento do apoio electoral ao BNG, unha vez que aglutina no seu seo a partidos como o PNG e Unidade Galega, xurdido de PSG-EG.

#### e) Sobre os modelos de comportamento electoral

Kuschick (2004) enumera catro das teorías que analizan a decisión de voto dos cidadáns, preguntándose por que e mediante que elementos se poden explicar esta toma de decisións. Sinala o autor que esta elección procede dunha constrición social, pola cal os individuos toman decisións en función das presións e as condicións sociais nas que viven. Así, explica as diferentes teorías formuladas pola ciencia política:

- A comunicación filtrada: Lazarsfeld (1960) describe a influencia dos medios de comunicación a partir dos nosos intereses, usos e gratificacións que obtemos deles. Deste xeito, somos máis receptivos ás mensaxes que se asemellan aos nosos principios e rexeitamos as mensaxes que confrontan con eles.
- O esquema dos dous pasos: Katz (1957) explica o modelo comunicativo como un sistema de dous pasos. Nun primeiro momento, os medios de comunicación envía á mensaxe a un líder de opinión. Posteriormente, estes líderes procesan, analizan, reformulan e difunden esta información ao resto dos cidadáns.
- O Modelo de Michigan: Campbell et. all (1964) propuxeron un modelo de decisión baseado en elementos de orixe psicolóxica: a identificación partidista, a imaxe dos candidatos e os temas de interese nas campañas políticas.
- A teoría da elección racional: Downs (1957) desenvolveu unha teoría que afirmaba que os individuos deciden o seu voto a partir dos beneficios que lles proporcionou o actual goberno e dos posibles e probables beneficios que pensan recibir dos partidos e

candidatos contrincantes. Por tanto, a decisión baséase nas accións e inaccións dos competidores políticos.

Con todo isto, Kuschick conclúe que estes catro paradigmas, aínda que ás veces contraditorios, poden resumir as motivacións electorais dos cidadáns, na medida en que estes están influídos por múltiples factores (grupo social, identificación partidista, liderados, accións de goberno, a oferta política, etc.)

Respecto ás dimensións da decisión de voto na política galega, Rivera Otero (2003) adapta a definición de *cleavage* que establecen Lipset e Rokkan (1967). Así, Rivera fala da dimensión esquerda-dereita, “un dos elementos destacabéis na articulación das preferencias dos cidadáns” e de outra división, máis propia do caso galego, o *cleavage* centro-periferia, vinculado á dimensión rexionalista-galeguista-nacionalista, nos seus distintos niveis.

#### **f) Sobre a construción da axenda de temas, *framing* e *priming***

McCombs e Shaw (1972) definiron o termo *agenda setting*, que postula que os medios de comunicación poden influír sobre a opinión pública ao determinar as historias e os temas que posúen interese informativo, decidindo o espazo e a importancia que se lles dá a ditos asuntos, cales se inclúen e cales se exclúen da axenda informativa. Así, os medios gradúan.

Hai que engadir ao concepto da *agenda setting* o termo *framing*. Este último refírese a “seleccionar algúns aspectos da realidade e facelos máis prominentes na información, de maneira que promovan definicións particulares dos problemas, interpretacións causais, avaliacións morais e recomendacións para tratar os asuntos descritos “, segundo a definición que fai Entman (1993).

Por tanto, establecendo unha relación entre estes dous termos, mentres a *agenda setting* nos indica sobre *que* temas debemos pensar, o *framing* indícanos sobre *cómo* debemos pensar acerca deses temas.

No estudo da construción da axenda e o *framing* afonda Bouza (2014), nun texto que nos pode axudar á hora de analizar o obxecto de estudo deste traballo. O autor establece unha diferenciación entre a axenda partidaria, a axenda cidadá e a axenda mediática. Así, Bouza expón que “a proximidade das axendas partidarias ás axendas cidadás favorece a comunicación de campaña cos electorados e estimula o voto cara esa comunicación ben establecida”. Continúa afirmando que “se os partidos están igualados, é probable que aquel que consiga facer que a súa axenda prevaleza no debate teña máis posibilidades de gañar”.

Máis adiante, Bouza entra a analizar a relación entre axenda e *framing*: “a propia xerarquización da axenda mediática inclúe, aínda sen buscalo, unha especie de encadramento (*framing*), que define un modelo proposto de ordenación da realidade, tamén da realidade política. E non nos referimos a unha cuestión de temas, apenas a unha cuestión formal que se converte en temática. De tal xeito é así, que a realidade xornalística propia da axenda mediática tende tamén a transferirse á axenda pública (tamén á axenda persoal), non só os temas en si, senón a orde, que é unha forma de estrutura mediática da realidade. Este exceso mediático, non en tanto, sérvenos con frecuencia para observar unha diferenza leve pero fundamental entre a axenda mediática e a pública e/ou persoal. Con frecuencia tamén, esa diferenza dámos pistas do que o electorado desexa debater e resolver”, di Bouza.

Tamén introduce a continuación o concepto de *priming*, entendido como a atribución de relevancia a un tema concreto que marca o que vén despois da súa aparición. Dito doutro xeito, o *priming* é o dominio dun tema concreto na axenda.

Por outra banda, no seu libro *Marketing municipal*, Asensio (2008) sinala que a axenda do goberno municipal correspóndese con todos aqueles temas que interesan ou afectan aos cidadáns e que constitúen a acción diaria da propia xestión municipal. Como sinal distintiva, Asensio subliña que na administración local hai un maior grao de desideoloxización das axendas gobernamentais, impondo un maior grao de pragmatismo na orientación ao cidadán. Para a construción da axenda política municipal, o autor establece varios factores:

- Planificación política: é a causa principal da acción de goberno. O cumprimento do programa electoral fixa o contido da acción política durante o mandato. Tamén se inclúen aquí os plans estratéxicos, cuxo marco temporal é máis amplo. Neste caso, a axenda configúrase coas medidas incluídas nestes documentos.
- Novas demandas cidadás: a axenda procede en moitas ocasións dunha reivindicación ou suxestión dos propios veciños, non prevista inicialmente polos políticos.
- Propostas doutras administracións: ás veces estas accións supeditan as do goberno municipal. As partidas orzamentarias que poidan aumentar ou diminuír os recursos inicialmente previstos.
- Situacións de crise: provocadas por catástrofes naturais, acontecementos inesperados, deterioro de infraestruturas e equipamentos, etc. Tamén poden ser aspectos positivos

ou negativos (graves fendas nun edificio municipal que obriguen a trasladar as dependencias, ou ben o ascenso do equipo local a unha categoría superior).

- Axenda de medios: o espazo e tempo dedicados polos medios a asuntos de interese municipal poden xerar iniciativas políticas. Ás veces, os medios préstalle un especial protagonismo a algún asunto que en principio non formaba parte da vontade política do goberno municipal. Son noticias ou opinións que, interesada ou desinteresadamente, con presión informativa ou circunstancial, acaban converténdose en acción de goberno.
- Factores aleatorios ou fortuítos: ás veces a secuencia de feitos é froito da casualidade. Por exemplo, un cambio de iluminación na rúa que aporte un novo e atractivo efecto a un edificio, o que orixina un plan de iluminación ornamental.

## **2.2. Hipóteses do estudo**

Como xa manifestamos con anterioridade, o principal obxectivo do traballo é atopar os resortes políticos e comunicativos que ao longo dos anos de goberno e das campañas electorais contribuíron ao triunfo do BNG en Carballo. Unha vez realizada a análise do marco teórico e cos nosos obxectivos establecidos, pasamos a formular as principais hipóteses do traballo. O proceso de investigación, as entrevistas e a compilación de datos desvelan a existencia de dous posibles motivos: por un lado, unha especie de “tormenta perfecta” e unha cadea de erros dos adversarios, ou ben dunha carreira de fondo moi ben disputada polo BNG, na que se suman unha serie de factores que posibilitaron a consolidación dun goberno nacionalista en Carballo. A partir destes factores elaboramos, por tanto, as nosas hipóteses:

- Influíron os *cleavages* esquerda-dereita e nacionalismo nos resultados electorais municipais en Carballo?
- É a división do centro-dereita un elemento clave na falta dunha alternativa ao BNG e a consolidación do éxito nacionalista?
- É o liderado de Evencio Ferrero un factor fundamental no éxito electoral do BNG?
- Debeuse o crecemento electoral do BNG á súa habilidade para arrogarse os éxitos na acción de goberno da coalición con CDI e PSOE?

### 3. METODOLOXÍA

Nesta parte do traballo explicaremos os métodos que fundamentan a investigación. Detallaremos, do mesmo xeito, os instrumentos utilizados en todo o proceso.

- Fontes e deseño da investigación:

Para desenvolver o traballo basearémonos na compilación de hemerotecas de xornais, nomeadamente *La Voz de Galicia*, medio de referencia na zona, así como entrevistas televisivas e radiofónicas. Tamén nos remitiremos a documentación relativa aos procesos electorais (programas, actos, publicacións dos partidos, etc.).

Toda vez que a proximidade co caso estudado nos permite ter un acceso directo a moitas das fontes de información, realizaremos entrevistas aos principais actores involucrados en todo o proceso político que vai ser obxecto de estudo, co fin de afondar no estudo das hipóteses presentadas anteriormente. Despois de observar o contexto referente ao período no que centraremos o noso estudo, decidimos contar coa participación das seguintes persoas, de xeito que nos poidan ofrecer unha visión global e, ao mesmo tempo próxima, dos acontecementos que imos analizar.

Por tanto, as persoas entrevistadas serán:

- Evencio Ferrero: alcalde de Carballo desde 2003 polo BNG. É mestre de educación primaria e concelleiro desde o ano 1979 e, ademais da súa actividade política, participou ao longo de todos estes anos en numerosas iniciativas veciñais e culturais que o converten nunha figura central para comprender a sociedade carballesa de finais do século XX e comezos do XXI.
- Manuel Varela Rey: alcalde de Carballo entre 1991 e 2003 e concelleiro entre 1987 e 2005. Foi candidato á alcaldía por AP e PP en cinco ocasións. Tamén é mestre, e tras a súa marcha da política local ocupou varios postos de dirección na xefatura territorial de Cultura da Xunta na provincia da Coruña.
- Manuel Andrade Cristóbal: concelleiro do goberno entre 1979 e 1991 e 2003 e 2007, e na oposición entre 2007 e 2015. Foi a man dereita do rexedor José Sánchez Vilas entre 1979 e 1991. Tras perder á alcaldía en favor de Varela, mudouse a Madrid, onde ocupou postos de responsabilidade nas federacións española e europea de caza. Regresou a Carballo no 2003 creando un novo partido, o CDI, que decantou a balanza do goberno en favor do BNG. En 2015 renunciou á súa acta de concelleiro.

- José Antonio Viña: voceiro do PSdeG-PSOE entre 2003 e 2015. É mestre, e foi tenente de alcalde e concelleiro de Urbanismo e Obras entre 2007 e 2011 e concelleiro de Facenda entre 2003 e 2007, sendo socio de goberno do BNG en ambas ocasións.
- Cristina Abelleira: xornalista, exerceu en *La Voz de Galicia* entre 1989 e 2013, ocupándose desde 1990 da información política local de Carballo. Boa coñecedora da sociedade carballesa, viviu de preto todos os acontecementos políticos que tiveron lugar na vila nos últimos decenios. Desde 2014 é a responsable de comunicación do BNG de Carballo.

No anexo referente ás entrevistas aparecen máis detalles sobre o formato destas e os cuestionarios elaborados para a súa realización. Cada cuestionario tivo en conta a perspectiva desde a que cada actor podía aportar a súa visión dos acontecementos, polo que o contido das preguntas varía dependendo do tempo e do lugar no que cada un dos actores estivo presente na vida política de Carballo. Elaborouse unha batería de preguntas previa á entrevista, que nalgúns ocasións foi completada sobre a marcha co fin de obter respostas a todas as cuestións que xurdiron e que puideran resultar de interese para o obxectivo final deste traballo.

Co fin de obter unha radiografía máis minuciosa do comportamento electoral dos electores carballeses, valoramos a posibilidade de desenvolver un estudo demoscópico, pero os recursos dispoñibles limitan o alcance da nosa investigación. Só dispoñemos de datos procedentes de enquisas publicadas en abril de 2015, antes das eleccións municipais, polo instituto Sondaxe, referentes a intención de voto, valoración de candidatos e áreas de goberno.

A falta destes estudos demoscópicos, realizaremos unha análise en base aos resultados desagregados por mesas electorais do municipio, co fin de detectar as transaccións de voto entre as diferentes convocatorias electorais de forma máis detallada, prestando atención ás diferenzas entre o medio rural e urbano do concello. Dispoñemos, a través das aportacións de varias fontes, dos resultados das eleccións municipais en cada mesa electoral entre os anos 2003 e 2015.

Será, por tanto unha investigación cuanti-cualitativa, na que mesturaremos datos numéricos, por un lado, e documentos hemerográficos e entrevistas en profundidade polo outro.

## 4. ESTUDO DE CASO: O GOBERNO LOCAL DO BNG EN CARBALLO

Unha vez presentado o marco teórico e as nosas hipóteses e exposta a metodoloxía empregada ao longo deste traballo, procederemos a describir e analizar o caso que é obxecto do noso estudo. Antes de presentar a cronoloxía dos gobernos municipais da vila de Carballo e desenvolver a análise que contraste as nosas hipóteses, cremos preciso debuxar unha panorámica previa sobre a realidade histórica, social e económica do pobo de Carballo.

### 4.1: O POBO DE CARBALLO

- Historia

Máis alá dos primeiros restos paleolíticos, megalíticos e castrexos atopados en varias parroquias do municipio, o cerne do actual Carballo nace en torno ao descubrimento do manancial que dera orixe ás termas romanas. A partir dese momento, a comezos do século XVIII, o turismo termal revitalizou a vila, atraendo a novas xentes a Carballo. Naquel tempo, a parroquia de San Xoán, actual capital municipal, dependía da xurisdición de Santiago de Sísamo. A parte, tamén existían, de xeito independente, os concellos de Rebordelos e Sofán. Aquí é cando os mapas comezan a reflectir o topónimo da capital de Bergantiños.

En 1836 constitúese o concello tal e como se coñece hoxe en día, coas súas 18 parroquias (Rus, Entrecruces, Aldemunde, Sofán, Artes, Berdillo, Ardaña, Carballo, Bértoa, Goiáns, Sísamo, Vilela, Cances, Oza, Razo, Noicela, Rebordelos e Lema).

A comezos do século XX Carballo floreceu como vila, cun desenvolvemento urbanístico exemplar "moderno e modélico", segundo deixou escrito Uxío Carré Aldao<sup>1</sup>. Inaugurase o actual xardín do centro e constrúense importantes edificios como a igrexa e a Casa do Concello, que serían demolidos nos anos 70.

Durante a Segunda Guerra Mundial, Carballo experimenta unha revolución económica ligada á existencia do volframio, un mineral moi apreciado pola súa dureza na elaboración de material bélico. A mina de Monte Neme deu cartos a centos de carballese, ben de xeito legal, como empregados da explotación, ou ben de forma ilegal, vendendo de contrabando o mineral extraído á *roubeta*, ás costas dos propietarios da mina, que comerciaban coa Alemaña nazi. Ao rematar este conflito, a explotación mantívose pola demanda da Guerra de Corea.

Precisamente durante a Segunda Guerra Mundial naceu un dos grandes motores económicos do municipio, a conserveira Calvo, que dá emprego hoxe en día a máis de 300 veciños e

---

<sup>1</sup> "Carballo fue moderno y modélico". La Voz de Galicia, 29-9-2009

veciñas, ademais de dinamizar a vida cultural e deportiva do municipio ao longo das últimas décadas.

A posguerra e a emigración marcaron, coma en tantas outras vilas galegas, a historia da vila. A partir de 1960, co crecemento económico, Carballo experimenta un atropelado desenvolvemento urbanístico, a raíz das divisas da emigración e a chegada, á súa vez, de veciños procedentes de concellos da contorna, que leva por diante varias sinais de identidade da vila, como a antiga igrexa e o concello.

A finais do século XX e comezos do XXI, a vila de Carballo continuou medrando ao ser unha referencia comercial e de servizos para toda a comarca de Bergantiños.

- Demografía

En Carballo viven, segundo o padrón municipal de 2015, 31.283 persoas, e ten unha extensión de 187 quilómetros cadrados, o que ofrece unha densidade de poboación de 167 habitantes/km<sup>2</sup>. É a capital do partido xudicial homónimo e da comarca de Bergantiños. A súa poboación divídese en 18 parroquias, sendo San Xoán, que se corresponde coa capital municipal, a máis poboada con 19.310 veciños, segundo os datos do nomenclátor do INE. Non en tanto, a pesar de ser o undécimo municipio máis poboado de Galicia, Carballo presenta unha porcentaxe importante de poboación rural, aínda que en retroceso. De feito, segundo a análise do panorama rural e urbano de Galicia feito polo IGE, Carballo é unha zona pouco poboada, aínda que de subgrao alto<sup>2</sup>.

Sobre a importancia do eido rural no municipio de Carballo é preciso facer referencia que é o terceiro concello da provincia da Coruña con máis entidades de poboación, só superado por Ortigueira e o veciño concello da Laracha, segundo afirma Xan Fraga no primeiro volume das súas *Crónicas de Carballo*, citando un estudio de Gelasio Nogueira Esmorís.

O municipio presenta unha taxa bruta de natalidade superior á media galega, así como unha taxa bruta de mortalidade e un índice de envellecemento sensiblemente inferiores ao conxunto de Galicia. Do mesmo xeito, amosa un crecemento constante de poboación ao longo dos últimos decenios. Con estes datos, podemos falar dun concello que salva, polo momento, o contexto xeneralizado de crise demográfica existente no país. Non en tanto, este crecemento repercute directamente en municipios limítrofes, que perden poboación en favor de Carballo.

---

<sup>2</sup> Panorama rural-urbano de Galicia (2011)

[http://www.ige.eu/web/mostrar\\_seccion.jsp?idioma=gl&codigo=0701](http://www.ige.eu/web/mostrar_seccion.jsp?idioma=gl&codigo=0701)

- Xeografía:

O termo municipal linda ao norte co océano Atlántico, entre os municipios de Malpica e A Laracha, onde se estende a longa praia de Razo-Baldaio, de máis de cinco quilómetros de lonxitude e a marisma de Baldaio, un rico ecosistema con abundante flora e fauna. Ao leste, limita cos concellos de A Laracha e Cerceda, ao sur con Tordoia e ao oeste con Coristanco, Ponteceso e Malpica.

O concello sitúase ao longo da depresión Malpica-Tui, que cruza Galicia de norte a sur, e esténdese desde as terras baixas costeiras de Razo e Baldaio (a carón das cales medra o Monte Neme, de 386 metros), ata as zonas máis montañosas do interior, como Aldemunde, Entrecruces e Rus, lindando con Tordoia e Cerceda, onde destacan o monte do Castro (350 m), Monte Calvelo (389 m) e Monte Alto (483 m).

O río Anllóns cruza o concello (e a comarca de Bergantiños) de leste a oeste. Nace na serra de Montemaior e desemboca na ría de Corme e Laxe.

- Economía

Carballo é o principal motor económico da comarca de Bergantiños. Ademais dun importante centro comercial e de servizos, posúe unha importante actividade industrial. Destaca a conserveira Calvo, que emprega a máis de 300 persoas, e o Polígono Industrial de Bértoa, onde están establecidas numerosas empresas de diversos sectores. No sector primario, destacan os mercados e feiras de produtos do campo que se celebran todos os xoves e os segundos, cuartos e quintos domingos de mes, atraendo a compradores e vendedores de toda a comarca.

- Sociedade

A vila caracterízase por unha intensa actividade social e cultural. Unha das celebracións de referencia é o Festival Internacional Outono de Teatro, que atrae a espectadores de todo o Estado. Nos últimos anos, unha das principais apostas culturais foi a iniciativa “Derrubando muros con pintura”, que pretende dar un lavado de cara á vila, moi marcada polo feísmo e a deficiente planificación urbanística dos anos 70 e 80, enchendo de obras de arte os exteriores dos edificios construídos durante esa época.

Do mesmo xeito, é moi salientable a aposta polo deporte. Existen numerosos clubs en diversos deportes que involucran a unha gran cantidade de veciños e veciñas, así como unha importante rede de instalacións e actividades deportivas municipais.

## 4.2: Cronoloxía: Os gobernos municipais democráticos en Carballo

### 4.2.1: O goberno do centro-dereita (1979-2003)

O último alcalde predemocrático en Carballo foi Pastor Bazarra Sánchez, que substituíu a Manuel Bello Pallas o 13 de febreiro de 1975. Desde ese momento, e ata as primeiras eleccións municipais, Bazarra ocupou o cargo de rexedor municipal.

#### As eleccións de 1979

O martes 3 de abril de 1979 tiveron lugar os primeiros comicios locais da democracia. No seu libro *Crónicas de Carballo*, o historiador Xan Fraga subliña que se presentaron cinco candidaturas: UCD, Coalición Democrática, BN-PG, Agrupación Democrática Popular e PSOE. Elixíronse 21 concelleiros e os resultados foron os seguintes:

| Candidatura                                       | Votos | Porcentaxe | Concelleiros |
|---|-------|------------|--------------|
| <b>Unión de Centro Democrático</b>                | 4.128 | 48,09%     | <b>11</b>    |
| <b>Coalición Democrática<sup>3</sup></b>          | 1.743 | 20,31%     | <b>4</b>     |
| <b>Bloque Nacional Popular Galego</b>             | 1.229 | 14,32%     | <b>3</b>     |
| <b>Agrupación Democrática Popular<sup>4</sup></b> | 915   | 10,66%     | <b>2</b>     |
| <b>PSOE</b>                                       | 569   | 6,63%      | <b>1</b>     |

A UCD obtivo a maioría absoluta e o seu candidato, José Sánchez Vilas, foi elixido alcalde. Cabe reseñar que nesta corporación xa están presentes dous persoeiros que permanecerán durante máis de trinta anos na política activa municipal e que xogarán un papel chave en moitos dos acontecementos que sinalaremos. Evencio Ferrero encabezaba a lista do BN-PG, pero un accidente de tráfico obrigouno a pasar varios meses ingresado no hospital<sup>5</sup>, polo que non puido facer campaña nin tomar posesión da súa acta. O outro persoeiro destacado é Manuel Andrade, que foi elixido concelleiro pola UCD.

Os resultados do BNPG en Carballo son sensiblemente mellores que na media do país nos comicios de 1979. Márquez (2004) recolle que a porcentaxe media de apoio a esta formación no conxunto de Galicia foi do 7,4 por cento. É dicir, case a metade que na vila carballesa. Este

<sup>3</sup> Coalición Democrática agrupaba, entre outros partidos, a Alianza Popular, Acción Ciudadana Liberal, Partido Demócrata Progresista e Renovación Española

<sup>4</sup> A Agrupación Democrática Popular era unha candidatura municipal próxima ao PCE

<sup>5</sup> “De Bello Pallas a Sánchez Vilas, pasando por Bazarra, cinco grupos pelexaron nos albores da democracia”. La Voz de Galicia, 25 de xuño de 2008: [http://www.lavozdeg Galicia.es/carballo/2008/06/25/0003\\_6934214.htm](http://www.lavozdeg Galicia.es/carballo/2008/06/25/0003_6934214.htm)

dato, que se mantén ao longo das sucesivas citas electorais, pode anticipar a existencia dunha fiel base electoral en torno ás formacións nacionalistas e, en última instancia, á figura do candidato, Evencio Ferrero.

### As eleccións de 1983

O cambio da correlación de forzas que se produciu no Estado afectou á composición das candidaturas para as eleccións municipais de 1983. A desintegración da UCD provocou o paso do alcalde José Sánchez Vilas ás filas da Coalición Popular, integrada por Alianza Popular, Partido Demócrata Popular e Unión Liberal.

| Candidatura              | Votos | Porcentaxe | Concelleiros |
|--------------------------|-------|------------|--------------|
| <b>COALICIÓN POPULAR</b> | 6.379 | 63,73%     | 15           |
| <b>PSDEG-PSOE</b>        | 1.690 | 16,88%     | 3            |
| <b>BNG</b>               | 1.195 | 11,94%     | 2            |
| <b>PGI</b>               | 745   | 7,44%      | 1            |

As eleccións outorgaron unha ampla maioría absoluta á Coalición Popular e José Sánchez Vilas revalidou a alcaldía. Completaron a corporación o PSdeG, que por primeira e única vez conseguiu ser a segunda forza política en Carballo en número de concelleiros, o BNG, que tocou o seu chan electoral nas municipais, e o PGI, unha formación que se integrara nos anos 70 na UCD e se refundou tras a desaparición do partido centrista, derivando a posicións máis autonomistas.

### As eleccións de 1987

A cita electoral do 1987 foi a que deu como resultado a corporación máis fragmentada da democracia en Carballo, aínda que o centro-dereita mantivo a súa hexemonía.

| Candidatura                        | Votos | % válidos | Concelleiros |
|------------------------------------|-------|-----------|--------------|
| <b>CPG(PDP-PL-CG)</b>              | 4.292 | 34,17%    | 8            |
| <b>ALIANZA POPULAR</b>             | 3.463 | 27,57%    | 6            |
| <b>BLOQUE NACIONALISTA GALEGO</b>  | 1.954 | 15,56%    | 3            |
| <b>PSdeG-PSOE</b>                  | 1.603 | 12,76%    | 3            |
| <b>CENTRO DEMOCRATICO Y SOCIAL</b> | 821   | 6,54%     | 1            |
| <b>PSG-EG</b>                      | 217   | 1,73%     | 0            |
| <b>PARTIDO NACIONALISTA GALEGO</b> | 110   | 0,88%     | 0            |

Gañou as municipais a Coalición Progresista Galega, formada trala crise do goberno da Xunta de Fernández Albor. A Coalición Popular das municipais de 1983 dividiuse en Alianza Popular, por unha parte, e a CPG, por outra. Nesta última, formada por Coalición Galega, Partido Demócrata Popular e Partido Liberal, integrouse o que nese momento era alcalde, José Sanchez Vilas. Formouse entón un goberno cuatripartito con 15 concelleiros, formado por CPG, BNG, PSdeG-PSOE e CDS. Foi a primeira vez que a esquerda accedía ao goberno en Carballo, aínda que foi debido a un pacto cunha formación centrista. Na oposición quedou Alianza Popular. Tamén se presentaron, aínda que sen obter representación o PSG-EG, PNG e Partido dos Traballadores, vinculado ao PCG.

Deste xeito, por primeira vez entran as forzas de esquerda no goberno municipal. Non obstante, o pacto dura menos de dous anos debido ás diferenzas entre o tándem formado por Sánchez Vilas e Andrade, por parte da CPG, e os seus socios de goberno, encabezados por Carlos Puga (PSdeG) e Evencio Ferrero (BNG). De feito, tal e como subliña Manuel Varela Rey, entón voceiro de AP, chegouse a negociar unha moción de censura a catro bandas entre AP, BNG, PSdeG e CDS, pero non chegou a callar o acordo:

*“Ao pouco tempo xa estaban todos menos a CPG falando con nós para facer unha moción de censura. Quen se propoñía como alcalde era o concelleiro do CDS, que só tiña un acta, e nós iso non o admitimos. Preferimos seguir na oposición e agardar a nosa oportunidade ata o ano 1991”.*

### **As eleccións de 1991**

Os comicios deste ano supoñen a fin da época de José Sánchez Vilas como alcalde e abren un ciclo de tres mandatos con maioría absoluta de Manuel Varela Rey. A oferta electoral volveu concentrarse, e só cinco partidos se presentaron ás eleccións, fronte aos oito do 1987. Os resultados foron os que seguen:

| <b>Candidatura</b>                | <b>Votos</b> | <b>Porcentaxe</b> | <b>Concelleiros</b> |
|-----------------------------------|--------------|-------------------|---------------------|
| <b>INDEPENDENTES POR CARBALLO</b> | 8.055        | 52,16%            | 12                  |
| <b>PARTIDO POPULAR</b>            | 3.664        | 23,73%            | 5                   |
| <b>BLOQUE NACIONALISTA GALEGO</b> | 1.685        | 10,91%            | 2                   |
| <b>PSdeG-P.S.O.E.</b>             | 1.433        | 9,28%             | 2                   |

O cambio que experimentou a corporación debeuse a un feito principal. A lista de Independientes por Carballo estaba encabezada por Manuel Varela Rey, que naquel momento levaba máis dun ano como deputado do PP no Parlamento de Galicia. As discrepancias coa dirección do PPdeG á hora de elaborar a candidatura municipal empurra a Varela Rey e aos seus simpatizantes a crear unha candidatura independente. Pola súa banda, a candidatura do PP queda encabezada por José Sánchez Vilas e Manuel Andrade Cristóbal, procedentes da CPG. Independientes por Carballo consegue unha cómoda maioría absoluta.

O Partido Popular obtén o segundo posto, pero moi lonxe dos independentes. Mentres, BNG e PSdeG experimentan unha lixeira caída, pero o aumento da participación (case 9 puntos e case 3.000 votantes máis respecto a 1987), failles perder un asento na corporación a cada un. Convergencia Nacionalista Galega non obtén representación.

Pouco despois das eleccións comezaron as conversas para que a candidatura independente se reintegrase no PP, algo que se conseguiu en menos dun ano.

### As eleccións de 1995

Os resultados destas eleccións marcan o inicio dunha polarización que, a pesar dos cambios na cor do goberno, se prolonga ata a actual corporación: o PP na dereita, e o BNG na esquerda, conformado como principal alternativa aos populares por diante do PSdeG.

| Candidatura                       | Votos | Porcentaxe | Concelleiros |
|-----------------------------------|-------|------------|--------------|
| <b>PARTIDO POPULAR</b>            | 8.244 | 49,58%     | 11           |
| <b>BLOQUE NACIONALISTA GALEGO</b> | 4.324 | 26,01%     | 6            |
| <b>AEIC</b>                       | 2.107 | 12,67%     | 2            |
| <b>PSdeG-PSOE</b>                 | 1.801 | 10,83%     | 2            |

Manuel Varela Rey consegue a súa segunda maioría absoluta medrando en votos, pero perde un concelleiro e cae en porcentaxe de apoios debido ao aumento do censo e da participación. Porén, como xa comentei nas anteriores liñas, cabe salientar o gran aumento de apoios que experimenta o BNG, que pasa dun 10,91 (1.685 votos) a un 26,01 (4.324) por cento e obtén seis concelleiros. É probable que este aumento garde relación co importante crecemento que a formación frontista experimenta a nivel autonómico. Pero, que máis factores contan?

Completan a corporación os independentes de AEIC, encabezados por José Sánchez Vilas, e o PSdeG-PSOE, con dous concelleiros cada un.

### As eleccións de 1999

O Partido Popular de Manuel Varela Rey acada nesta ocasión o seu teito electoral, superando os 9.000 votos, e o alcalde consegue a súa terceira maioría absoluta. Hai que subliñar que o PP quedou a menos de 100 papeletas de acadar o seu 12º edil, que estivo en disputa ata o final entre os populares e o PSdeG-PSOE, caendo finalmente do bando socialista.

| Candidatura              | Votos | Porcentaxe | Concelleiros |
|--------------------------|-------|------------|--------------|
| <b>PARTIDO POPULAR</b>   | 9.046 | 51,28%     | 11           |
| <b>BNG</b>               | 6.374 | 36,13%     | 8            |
| <b>PSDEG- PSOE</b>       | 1.519 | 8,61%      | 2            |
| <b>DEMOCRACIA GALEGA</b> | 481   | 2,73%      | 0            |
| <b>PARTIDO HUMANISTA</b> | 31    | 0,18%      | 0            |

Os resultados amosan que se acrecenta a polarización da corporación, xa que o BNG continúa a súa escalada e chega ao 36,13 por cento de apoios. Nese momento, a fronte atopábase no seu máximo nivel de apoio electoral no eido autonómico (fora segunda forza en 1997). Un ano despois, nas eleccións xerais do ano 2000, o BNG obtivo tres actas no Congreso dos Deputados, que significou tamén o seu teito. Pódese deducir, por tanto, que unha parte desta cota de apoio débese a *rexionalización* do voto da que fala Márquez (2004). Non en tanto, como xa se evidenciou por primeira vez no ano 1979 e se continuou vendo no resto dos comicios locais, o apoio ao BNG en Carballo e moito maior que na media estatal. En 1999, volve a ser o dobre: 36.13% fronte ao 18,8% no conxunto de Galicia (Márquez, 2004).

- **A crise do goberno do PP:** É preciso facer fincapé neste punto, xa que esta crise tivo unha influencia determinante nos acontecementos posteriores. Durante este mandato estaba prevista a aprobación inicial do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM), que marcaría as liñas mestras do desenvolvemento urbanístico do municipio, rexido entón por normas subsidiarias. O concelleiro de Urbanismo e tenente de alcalde, José Bello Pallas, e o concelleiro de Sanidade, José Manuel Pena, amosaron as súas discrepancias co proceder do goberno de Manuel Varela respecto a diversas cuestións incluídas no PXOM. A tensión permanecía latente, pero en febreiro de 2001, nunha comisión informativa previa á

aprobación inicial en pleno do PXOM, Bello e Pena romperon a disciplina de voto. Inmediatamente, o alcalde, Manuel Varela, retiroulles as competencias dentro do goberno municipal<sup>6</sup>. Os dous concelleiros críticos decidiron non dimitir e integrarse no grupo mixto, deixando en minoría ao PP na corporación. Finalmente, meses antes das eleccións municipais de 2003, déronse de baixa no partido. Xunto a outros dous concelleiros do grupo do PP, Basilio Fraga e José María Vázquez, ofreceron o seu apoio tácito, cando non explícito (José Bello Pallas acabou presentándose en 2015 como nº2 de Terra Galega) á candidatura independente de Andrade que tivo moito que ver na decisiva perda de apoios que sufriu o PP en 2003.

#### 4.2.2: O goberno do centro-esquerda e esquerda

##### As eleccións de 2003

A crise no seo do PP anticipaba que a maioría absoluta que se mantivera durante doce anos estaba en risco. Así, de cara a estes comicios xurdiu unha nova formación política, o Centro Democrático Independiente (CDI), encabezada polo exconcelleiro Manuel Andrade, e que contou co apoio tácito, cando non explícito, dos sectores críticos do PP local. Así, os resultados foron os seguintes:

| Candidatura                       | Votos | Porcentaxe | Concelleiros |
|-----------------------------------|-------|------------|--------------|
| <b>PARTIDO POPULAR</b>            | 7.615 | 38,99%     | 9            |
| <b>BLOQUE NACIONALISTA GALEGO</b> | 5.203 | 26,64%     | 6            |
| <b>CDI</b>                        | 3.584 | 18,35%     | 4            |
| <b>PSDEG - PSOE</b>               | 2.322 | 11,89%     | 2            |
| <b>PARTIDO DOS VECIÑOS</b>        | 577   | 2,95%      | 0            |

A irrupción do CDI, con catro concelleiros e máis de 3.500 votos, modifica o taboleiro da corporación municipal. PP e BNG perden, cada un deles, máis de 1.000 votos e dous concelleiros, aínda que a caída é máis acusada e decisiva no caso do PP. Mentres, o PSdeG-PSOE gaña 800 votos que, aínda así, non lle serven para conseguir a súa terceira acta. O Partido dos Veciños, creado polo exportavoz socialista Acacio Rodríguez, non consegue representación.

<sup>6</sup> "El cese de los concejales de Urbanismo y Sanidad hace tambalear la mayoría del PP". La Voz de Galicia, 30-1-2001

Así, o novo panorama obriga a alcanzar acordos entre partidos para elixir ao novo alcalde de Carballo. O acordo natural entre PP e CDI, dúas formacións autodenominadas de centro-dereita, vese obstaculizado polas leas persoais entre Manuel Andrade e Manuel Varela. “A min votáronme case catro mil persoas porque non ía pactar con Varela, e non lles vou fallar”<sup>7</sup>, declaraba Andrade durante as negociacións co PP. Finalmente, o CDI e o PSdeG-PSOE apoiaron a investidura de Evencio Ferrero como alcalde de Carballo. Na metade do mandato, o exalcalde Manuel Varela Rey renunciaba á súa acta<sup>8</sup>.

En primeira instancia non houbo pacto, pero unhas semanas despois, as tres forzas asinaron un acordo polo que se repartían as áreas de goberno. Non en tanto, dous anos despois, en setembro de 2005, o CDI ameazou seriamente con rachar o acordo<sup>9</sup>, aínda que os concelleiros centristas acabaron mantendo as súas responsabilidades de goberno.

### As eleccións de 2007

Tras os primeiros anos catro anos de goberno do BNG, chegaba o momento de que os cidadáns valorasen o cambio á fronte do Concello. BNG (Evencio Ferrero), CDI, renomeado como Terra Galega (Manuel Andrade), e PSdeG-PSOE (José Antonio Viña) repetiron os seus cabezas de lista. O novo candidato do PP era Alberto Sueiro, deputado no Parlamento de Galicia. Así, os resultados foron os seguintes.

| Candidatura                | Votos | Porcentaxe | Concelleiros |
|----------------------------|-------|------------|--------------|
| <b>BNG</b>                 | 7.545 | 40,84%     | 9            |
| <b>PARTIDO POPULAR</b>     | 4.683 | 25,35%     | 6            |
| <b>TERRA GALEGA</b>        | 3.115 | 16,86%     | 3            |
| <b>PSdeG-PSOE</b>          | 2.420 | 13,10%     | 3            |
| <b>PARTIDO DOS VECIÑOS</b> | 460   | 2,49%      | 0            |

O feito máis destacado é o cambio de papeis entre PP e BNG respecto a 2003. A primeira e a segunda forza obteñen resultados similares, pero á inversa. O BNG e o PSdeG saen reforzados da súa acción de goberno. Os nacionalistas suman 2.300 votos máis e acadan o seu teito electoral, converténdose no partido máis votado con 9 concelleiros, e os socialistas tamén obteñen a súa maior cota de apoios, superando por primeira vez os dous mil votos.

<sup>7</sup> “La dirección provincial del PP asegura que Manuel Varela Rey «es innegociable»”. La Voz de Galicia. 28 -5-2003.

<sup>8</sup> “Manuel Varela Rey dimitirá como edil para ser asesor de Núñez Feijoo”. La Voz de Galicia. 31-5-2005

<sup>9</sup> “Los independientes abren la puerta a una moción de censura en Carballo”. La Voz de Galicia. 9-9-2005

Deste xeito, trasladan a Carballo o bipartito que xa levaba case dous anos gobernando na Xunta de Galicia, aínda que neste co BNG como forza maioritaria.

Pola outra banda, o PP perde case 3.000 votos e tres concelleiros en catro anos. Terra Galega tamén retrocede respecto a 2003, perdendo un concelleiro.

Estes resultados poden ofrecer varias interpretacións en relación coa situación política galega e estatal.

A caída do PP pode encadrarse dentro dunha importante perda de apoios a nivel galego e estatal tras a perda do goberno central e da Xunta, así como, no eido local, dunha carencia dun liderado forte tras a renuncia de Manuel Varela.

Hai que subliñar, como xa fixemos anteriormente, o importante aumento do apoio electoral ao BNG nestas eleccións, toda vez que a formación frontista xa se atopaba nunha tendencia á baixa en case todas as citas electorais desde o ano 2001, que mesmo afectou ao propio BNG carballés en 2003. Non en tanto, a consolidación dos nacionalistas carballesees como primeira forza política amosa a existencia dun importante voto dual que beneficia ao BNG nas municipais, erixíndoo como alternativa de esquerda ao PP en Carballo, como o demostran os resultados das eleccións xerais de 2008. Hai que subliñar que non se pode obviar a importancia puntual do *cleavage* nacionalista nas citas autonómicas, xa que no 2005, ano da vitoria do bipartito, o BNG superou ao PSdeG en Carballo.

### **As eleccións de 2011**

Despois de catro anos de bipartito, os resultados de 2011 amosan un regreso á polarización entre BNG e PP debido ao retroceso de TEGA e PSdeG.

| <b>Candidatura</b>     | <b>Votos</b> | <b>Porcentaxe</b> | <b>Concelleiros</b> |
|------------------------|--------------|-------------------|---------------------|
| <b>BNG</b>             | 7.880        | 45,04%            | 10                  |
| <b>PARTIDO POPULAR</b> | 6.114        | 34,95%            | 8                   |
| <b>TERRA GALEGA</b>    | 1.979        | 11,31%            | 2                   |
| <b>PSdeG-PSOE</b>      | 1.523        | 8,70%             | 1                   |

Unha vez máis, e nunha tendencia inversa á que experimenta o BNG en Galicia e España, os nacionalistas carballesees acadan un novo teito electoral, subindo a 10 concelleiros e conseguindo 300 votos máis que en 2007. Non en tanto, a maior subida conséguela o PP, con

case 1.500 votos e dous concelleiros máis que nos comicios previos. Aínda así, non é suficiente para acadar unha maioría de centro-dereita que comprometa o goberno do BNG.

Os partidos máis votados gañan apoios a expensas de TEGA e PSdeG, que perden, respectivamente, máis de 1.100 e máis de 900 votos. O resultado dos socialistas parece confirmar unha *nacionalización* do voto municipal, xa que o apoio nas eleccións municipais parece vinculado á tendencia estatal do PSOE, en caída libre.

Nesta ocasión, e como xa adiantara durante a campaña o cabeza de lista, José Antonio Viña, o PSdeG-PSOE decide non apoiar o goberno do BNG, polo que os nacionalistas afrontarán catro anos en minoría.

### **As eleccións de 2015**

A situación previa aos comicios do 24 de maio de 2015 parecía achegar por primeira vez a posibilidade dunha maioría absoluta do BNG en Carballo. A pesar de estar ante as primeiras eleccións locais despois da escisión de Amio, en 2012, parecía que o proxecto nacionalista seguía collendo pulo en Carballo. Pero había máis factores que é necesario subliñar para analizar a situación:

- O PP local atopábase inmerso nunha crise tras a renuncia de Alberto Sueiro, a finais de 2013. O novo candidato e voceiro municipal, Miguel Ferreiro, non contaba coas simpatías de parte dos militantes locais. O proceso de confección das listas, cunha importante renovación que relevou a destacados concelleiros dos últimos mandatos a postos ‘simbólicos’, provocou unha fenda importante no partido.
- O PSdeG local tamén evidenciou unha división interna no proceso de primarias para escoller o seu candidato. O voceiro, José Antonio Viña, manifestara a súa intención de non recuncar despois do mal resultado de 2011. Presentáronse ás primarias dúas candidaturas: a de Mari Carmen Vila, exconcelleira, e a de Jesús Añón, coordinador local. Despois dun rocambolesco proceso, no que Jesús Añón gañou as primarias a pesar de recoñecer que non quería ser candidato, e que só se presentaba para impedir a designación de Vila e buscar un cabeza de lista alternativo, Vila acabou sendo proclamada como candidata ante a imposibilidade de atopar unha alternativa.
- En Terra Galega si repetiu o candidato, o experimentado Manuel Andrade. Pero a principal novidade foi a incorporación a esta lista de José Bello Pallas, un dos concelleiros díscolos do PP que provocou a perda da maioría absoluta deste partido no mandato 1999-

2003. A volta de Pallas enmarcouse dentro dunha peculiar campaña, que o situaba nun nivel de protagonismo incluso maior que o de Manuel Andrade<sup>10</sup>.

- Nunha cita onde as candidaturas de unidade popular vinculadas a Podemos xeraron grandes expectativas en todo o Estado, Carballo foi unha das poucas excepcións que se mantivo á marxe deste fenómeno. De feito, foi, xunto a Arteixo e Ribeira, a única vila galega de máis de 20.000 habitantes onde as candidaturas municipalistas inspiradas en Podemos non obtiveron representación no pleno.
- Xa fóra do propio sistema de partidos, hai que subliñar que a solidez do proxecto municipal do BNG carballés, inspirado claramente no modelo de Pontevedra e Allariz, contribuíu a reforzar entre os cidadáns a valoración do goberno local.

Ante estas circunstancias, estes foron os resultados:

| <b>Candidatura</b>            | <b>Votos</b> | <b>Porcentaxe</b> | <b>Concelleiros</b> |
|-------------------------------|--------------|-------------------|---------------------|
| <b>BNG-ASEMBLEAS ABERTAS</b>  | 7.512        | 47,01%            | 11                  |
| <b>PARTIDO POPULAR</b>        | 3.747        | 23,45%            | 5                   |
| <b>TERRA GALEGA</b>           | 2.275        | 14,24%            | 3                   |
| <b>PSDEG-PSOE</b>             | 1.676        | 10,49%            | 2                   |
| <b>COMPROMISO POR GALICIA</b> | 217          | 1,36%             | 0                   |
| <b>SON CARBALLO</b>           | 188          | 1,18%             | 0                   |

O BNG obtivo a agardada maioría absoluta a pesar de ter case 400 votos menos que en 2011. Isto débese ao notable aumento da abstención (votaron 1.800 persoas menos que catro anos atrás), cun censo moi semellante.

O principal damnificado foi o Partido Popular, que cedeu tres concelleiros e case 2.400 votos. O descenso podería enmarcarse dentro do descrédito estatal do partido, pero se analizamos os posteriores resultados das xerais de decembro de 2015 e xuño de 2016, vemos que a porcentaxe de apoio ao PP duplícase respecto ás municipais. Por tanto, todo apunta a que non estamos ante unha *estatalización* do voto, senón ante factores que se restrinxen a un descontento no eido municipal.

Terra Galega e PSdeG melloran os seus resultados de 2011 e suman cadanseu concelleiro a costa do PP. Apenas recuperaron 300 votos, no caso de TEGA, e algo máis de 100, no caso do PSOE, pero a caída da participación outórgalles maior representación no pleno.

<sup>10</sup> "Volve... Pallas; el feísmo nunca se ausentó". La Voz de Galicia, 13-5-15.

Pola súa banda, Compromiso por Galicia e Son Carballo (plataforma impulsada por Anova e EU) apenas obteñen un 1 por cento dos apoios e quedan fóra da corporación.

### **4.3: ¿Unha carreira de fondo ou unha tormenta perfecta?**

Unha vez realizada a panorámica sobre a evolución da política municipal en Carballo desde a Transición, abordaremos unha análise máis pausada e profunda sobre o obxecto de estudo, coa fin de achegarnos as hipóteses que presentamos. Co fin de ordenar esta reflexión, dividirémola en varios apéndices que nos aportarán unha mellor visión de conxunto.

#### **4.3.1. Os resultados electorais (2003-2015)**

Dentro da análise dos resultados electorais, é acaído subliñar a fenda entre as zonas rurais e urbanas do concello respecto ao comportamento electoral. Ao observar os resultados desagregados, compróbase que os partidos de esquerda obteñen mellores cifras no casco urbano e o centro-dereita ten máis apoios no rural. Esta distinción repítese de xeito claro nas últimas catro citas electorais municipais. É unha tendencia común ao resto de Galicia, tal e como apunta Márquez (2004). Non en tanto, no ano 2007 prodúcese, por primeira vez desde 1979, a vitoria do BNG no conxunto das mesas situadas na zona rural

Ata 1996, a suma dos habitantes dos núcleos rurais de Carballo superaba aos da parroquia de San Xoán, capital do concello. A tendencia de “urbanización” do municipio continúa avanzando. Segundo o padrón de 2015, o casco urbano de Carballo aglutina xa 19.000 dos 31.000 habitantes do Concello.

A análise de resultados por mesas permítenos obter unha visión moito máis clara das diferenzas do comportamento electoral dos carballese dependendo de se votan na zona rural ou no casco urbano.

No 2003, cando a diferenza entre a poboación urbana e rural do concello era menor que agora, o BNG xa gañara as eleccións municipais na vila (BNG: 3.137 votos por 3.086 do PP), pero o claro dominio nas parroquias conseguiu manter aos populares como primeira forza do pleno. A isto sumouse a forte irrupción de CDI no rural, onde superou en máis de 400 votos ao BNG e deixou aos nacionalistas como terceira forza. Pola contra, CDI quedou relegada ao cuarto lugar no casco urbano, sendo superada polo PSOE.

Deste xeito, dos seis colexios electorais da capital municipal, a vitoria repartiuse entre PP (tres) e BNG (outros tres). Todas estas vitorias son axustadas, xa que a formación gañadora non superou, en ningunha mesa o 38 por cento dos apoios.

Na zona rural, o PP impoñe en todas as parroquias, excepto en Cances e Razo, onde é superado polo CDI. Os populares chegan a acadar porcentaxes de apoio do 58 por cento en Sísamo e do 51 por cento en Artes.

Así se reparten, por tanto, os apoios urbanos e rurais no ano 2003:

| <b>VOTOS</b>  | <b>PP</b> | <b>BNG</b> | <b>CDI</b> | <b>PSOE</b> |
|---------------|-----------|------------|------------|-------------|
| <b>URBANO</b> | 3.086     | 3.137      | 1.112      | 1.314       |
| <b>RURAL</b>  | 4.529     | 2.066      | 2.472      | 1.008       |
| <b>TOTAL</b>  | 7.615     | 5.383      | 3.584      | 2.322       |

A diferenciación dos resultados entre o medio urbano e o rural é moi marcada nas eleccións de 2003, vendo as porcentaxes de apoio aos partidos de ambos espectros ideolóxicos.

| <b>PORCENTAXE</b> | <b>PP+CDI</b> | <b>BNG+PSOE</b> |
|-------------------|---------------|-----------------|
| <b>URBANO</b>     | 46,10%        | 48,88%          |
| <b>RURAL</b>      | 66,56%        | 29,22%          |
| <b>TOTAL</b>      | 58,02%        | 38,99%          |

Observamos por tanto unha clara distinción no comportamento electoral dos carballese. A diferenza global entre o centro-dereita e a esquerda é de 20 puntos. A fenda no rural aumenta a máis de 37 puntos, polo que PP e TEGA dominarían a corporación moito máis alá dos 13 concelleiros que obtiveron. Pola contra, no casco urbán, a esquerda obtén os resultados que permitirían a constitución dun bipartito BNG-PSOE con maioría absoluta, superando en dous puntos a PP+CDI.

En 2007, esta distinción entre o medio rural e urbano de Carballo continúa sendo perceptible, a pesar do avance do BNG nas parroquias. Nestas eleccións vemos unha inversión case total nos resultados de BNG e PP. A caída dos populares alimenta o crecemento dos nacionalistas, mentres o resto de forzas mantén resultados semellantes (TEGA, anterior CDI, retrocede, e o PSOE aumenta, ambos de forma lixeira).

O BNG gaña en todas as mesas electorais do casco urbano, superando en todos os casos o 43 por cento dos apoios, rozando o 50 por cento nalgunha das mesas. O PP, pola súa banda, non pasa do 27 por cento en ningún colexio e queda a máis de 17 puntos de distancia en todas as mesas. Sofre caídas de case 300 votos nun só colexio (no Bergantiños pasa de 942 a 650). Así, o BNG gaña 1.041 votos e o PP retrocede en 883 apoios.

Na zona rural o BNG dá un gran salto. Gaña en todas as parroquias agás en 5. O PP gaña nunha mesa de Rus e en Vilela, mentres que TEGA gaña en Entrecruces, Razo, Noicela e a outra mesa de Rus. Os nacionalistas suman 1.301 votos máis no rural, mentres que o PP perde 2.049 apoios

| <b>VOTOS</b>  | <b>BNG</b> | <b>PP</b> | <b>TEGA</b> | <b>PSOE</b> |
|---------------|------------|-----------|-------------|-------------|
| <b>URBANO</b> | 4.178      | 2.203     | 986         | 1.364       |
| <b>RURAL</b>  | 3.367      | 2.480     | 2.129       | 1.056       |
| <b>TOTAL</b>  | 7.545      | 4.683     | 3.115       | 2.420       |

Se analizamos estes resultados en canto á porcentaxe de apoios de cada ‘bloque’ respecto aos eidos rural e urbano, vemos que a fenda redúcese, aínda que mantén valores bastante significativos.

| <b>PORCENTAXE</b> | <b>PP+TEGA</b> | <b>BNG+PSOE</b> |
|-------------------|----------------|-----------------|
| <b>URBANO</b>     | 34,81%         | 60,50%          |
| <b>RURAL</b>      | 49%            | 47,03%          |
| <b>TOTAL</b>      | 42,21%         | 53,94%          |

A diferenza de apoios da esquerda respecto á dereita na zona urbana medra de 2 a 25 puntos, mentres que nas parroquias, a vantaxe do centro-dereita redúcese de 37 a menos de dous puntos.

Pero como dixemos, en 2007 acádase a cifra máis homoxénea de apoios para os dous espectros ideolóxicos:

| <b>DIFERENCIA URBANO-RURAL</b> | <b>PP+TEGA</b>        | <b>BNG+PSOE</b> |
|--------------------------------|-----------------------|-----------------|
| <b>2003</b>                    | -20,46% <sup>11</sup> | +19,66%         |
| <b>2007</b>                    | -14,19%               | +13,47%         |

A polarización que, como xa mencionamos, ten lugar no ano 2011 reabre a fenda entre os eidos rural e urbano, que en parte se vira reducida no 2007. O BNG quedou a un só concelleiro da maioría absoluta, obtendo o seu mellor resultado histórico en Carballo. A vitoria ceméntase en gran parte no casco urbano, onde os nacionalistas obteñen un 52,23 por

<sup>11</sup> A cifra é negativa porque o cálculo se fai do seguinte xeito (% voto urbano-% voto rural).

cento dos apoios, sumando 700 votos máis. O PP experimenta unha subida semellante ao BNG na vila, pero é no rural onde consolida a súa recuperación, xa que recupera preto de 700 apoios mentres os nacionalistas perden 200 votos.

A suba dos dous principais partidos da corporación é a costa de TEGA e PSOE, xa que ambos perden un 40 por cento dos seus apoios respecto a 2007. Así quedan, por tanto, os resultados de 2011 nos medios rural e urbano:

| <b>VOTOS</b>  | <b>BNG</b> | <b>PP</b> | <b>CDI</b> | <b>PSOE</b> |
|---------------|------------|-----------|------------|-------------|
| <b>URBANO</b> | 4.845      | 2.949     | 629        | 852         |
| <b>RURAL</b>  | 3.036      | 3.165     | 1.350      | 674         |
| <b>TOTAL</b>  | 7.881      | 6.114     | 3.584      | 1.526       |

A recuperación xeral do PP e o leve retroceso do BNG na zona rural provoca a mellora dos resultados globais do centro-dereita, que volve a superar o 50 por cento na zona rural. Non en tanto, o crecemento do apoio o BNG no casco urbano provoca que a porcentaxe de apoio ao ‘bloque’ de esquerda suba ata o 62 por cento.

| <b>PORCENTAXE</b> | <b>PP+CDI</b> | <b>BNG+PSOE</b> |
|-------------------|---------------|-----------------|
| <b>URBANO</b>     | 38,57%        | 62,01%          |
| <b>RURAL</b>      | 54,89%        | 45,1%           |
| <b>TOTAL</b>      | 45,27%        | 51,88%          |

Tras os comicios de 2011, o BNG afronta por primeira vez o goberno en solitario, dado que o PSOE decidiu non asinar o pacto tras o seu retroceso electoral. Así discorre un mandato que culmina coas eleccións do 24 de maio de 2015. As enquisas previas<sup>12</sup> prognosticaban por primeira vez a maioría absoluta do BNG, que lle arrebataría dous concelleiros ao PP e chegaría ás doce actas. TEGA e PSOE manterían a mesma representación que en 2011.

Nas eleccións, os nacionalistas confirmaron a maioría absoluta, obtendo 11 concelleiros. O PP caeu a 5 actas, mentres que TEGA e PSOE gañaron cadanseu concelleiro e sumaron 3 e 2, respectivamente. No apartado anterior xa mencionamos o importante aumento da abstención, con 1.800 votantes menos, a pesar de que o censo electoral se incrementou lixeiramente. Hai

<sup>12</sup> Sondeo Municipales 2015. Sondaxe (abril de 2015)

que ter este dato en conta xa que, a pesar de medrar en concelleiros, o BNG perdeu 300 votos respecto a 2011, gran parte deles no rural.

Así quedou distribuído, por tanto, o voto do medio rural e urbano de Carballo en 2015:

| <b>VOTOS</b>  | <b>BNG</b> | <b>PP</b> | <b>TEGA</b> | <b>PSOE</b> |
|---------------|------------|-----------|-------------|-------------|
| <b>URBANO</b> | 4.922      | 1.788     | 832         | 962         |
| <b>RURAL</b>  | 2.590      | 1.959     | 1.443       | 714         |
| <b>TOTAL</b>  | 7.512      | 3.747     | 2.275       | 1.676       |

A gran caída experimentada polo PP aumenta a fenda no casco urbano entre a esquerda e a dereita ata case 34 puntos, mentres que o marxe no rural redúcese a menos de dous puntos. No conxunto do municipio parece confirmarse a inversión dos apoios aos dous ‘bloques’ ideolóxicos. Se no 2003 a diferenza era de 20 puntos a favor do centro-dereita (aínda que o CDI decidiu apoiar a investidura do alcalde do BNG), no 2015 a diferenza é de case vinte puntos a favor dos partidos de esquerda.

| <b>PORCENTAXE</b> | <b>PP+CDI</b> | <b>BNG+PSOE</b> |
|-------------------|---------------|-----------------|
| <b>URBANO</b>     | 28,6%         | 64,36%          |
| <b>RURAL</b>      | 47,79%        | 46,42%          |
| <b>TOTAL</b>      | 37,69%        | 57,5%           |

Observamos como a diferenza de apoios entre o voto rural e urbano do centro dereita regresa a valores moi próximos ao 2003, mentres que a esquerda contén máis a subida desde os mínimos de 2007.

| <b>DIFERENCIA URBANO-RURAL</b> | <b>PP+TEGA</b> | <b>BNG+PSOE</b> |
|--------------------------------|----------------|-----------------|
| <b>2011</b>                    | -16,32%        | +17,09%         |
| <b>2015</b>                    | -19,19%        | +17,92%         |

#### **4.3.2. O nacionalismo galego e a esquerda en Carballo**

Neste punto intentaremos aportar unha serie de evidencias que reforcen a nosa hipótese de que a implantación do nacionalismo na sociedade carballesa desde a etapa final do franquismo e a debilidade orgánica do PSdeG-PSOE contribuíu a crear unha base electoral forte para o

BNG, erixíndose como alternativa de centro-esquerda na vila. Todos os actores entrevistados confirman a preponderancia do BNG no electorado de esquerda en Carballo.

Como porta de entrada a esta análise utilizaremos *Conversas con Evencio Ferrero*, unha biografía do actual alcalde de Carballo, publicada en 2003. Neste libro, Ferrero rememora os inicios do seu compromiso político. Menciona, entre outros fitos, a fundación do grupo Nós, en lembranza ao colectivo de Castelao, Risco e Otero Pedrayo, entre outros, que naceu ao abeiro do Teleclub do centro parroquial en 1974.

*“Comezabamos a ver que algunhas cousas se movían(...). En Carballo xa había tamén certas inqedanzas e constituímos o grupo Nós, xa cando eu cursaba o último ano (de Maxisterio), e a partir de aí comezamos a ir derivando cara a unha corrente máis do nacionalismo (...). Xuntabámonos moito no Teleclub. Conversabamos, escoitabamos música galega, intercambiabamos libros galegos”*<sup>13</sup>

Continúa Evencio Ferrero destacando o papel dalgúns párrocos daquel tempo, que contribuíron en favor destas iniciativas culturais e políticas que xurdían no Teleclub e no centro parroquial de Carballo.

*“Entre os novos párrocos, Don Manuel sempre quixo axudarnos e estar con nós, por exemplo cando solicitabamos algunha conferencia, pedíaa el no noso nome a ver se así a permitían.— ‘¿E permitíanas?’ — Practicamente ningunha”.*

Un exemplo recólleo o historiador Xan Fraga no segundo volume das súas *Crónicas de Carballo*, onde inclúe un documento no que o Goberno Civil da Coruña denega, en febreiro de 1975, a celebración de sendas conferencias a cargo de Xosé Luis Méndez Ferrín e Ramón-López Suevos, que foran solicitadas por Manuel Rodríguez, párroco e monitor do Teleclub.

Unha vez debuxado o contexto, atopamos outra reflexión do propio Evencio Ferrero que reflexa a implantación da que falamos ao comezo deste epígrafe:

*“Chegamos a constituír a AN-PG en Carballo xuntamente coa súa constitución a nivel nacional, ilegalmente, é obvio (...). Á organización sorprendíalle moitísimo o arraigamento social que tiñamos. É dicir, ser quen de meter en determinados establecementos un cartaz a favor dunha organización política ilegal era unha situación... absurda. Existe outra anécdota en relación a este proceso, e é que o Bergantiños F.C. (club de fútbol de Carballo) foi o primeiro equipo de fútbol que*

---

<sup>13</sup> “*Conversas con Evencio Ferrero*”. Colectivo Máis Alá (2003)

*pediu a legalización da AN-PG. (...). Ese foi o talante co que sempre tratou de actuar o nacionalismo en Carballo, e gracias isto, que por outra banda non era un comportamento deliberado, a dereita fracasou nos seus intentos de demonizar ou illar socialmente aos nacionalistas. Isto tentouse facer, pero os encargados de levalo a cabo desistiron porque en Carballo había de tempo atrás unha burguesía que actuou sempre de xeito moi popular, en gran parte galego-falante, en empresas de todo tipo e moitas delas grandes. Esta bagaxe social e cultural reflíctese na estratificación social. Na sociedade carballesa hai moita ósmose, moita interrelación, edentro dela os apoios do nacionalismo sempre tiveron vontade de participación, nunca de exclusión”.*

Entre 1970 e 1980 hai varios acontecementos que dan pulo á implantación do nacionalismo galego en Carballo. No 1970, segundo apunta o historiador Xan Fraga, celébranse no colexio Francisco Franco un ciclo de charlas que foron bautizadas como “Conferencias galleguistas” nun informe do servizo de información da Dirección General de Seguridad, que seguiu de preto estes actos. Participaron, entre outros, Xosé Manuel Beiras, Xesús Alonso Montero e Avelino Pousa Antelo.

No 1976 constitúese a Agrupación Cultural Lumieira, sucesora do grupo Nós, que segue contribuindo á defensa da cultura e da lingua galega en Carballo e na comarca.

Ao ano seguinte, en 1977, ten lugar unha das manifestacións máis importantes que se lembran en Carballo. O entorno da ría de Baldaio, un dos máis destacados paraxes naturais do concello, sufría desde había anos unha extracción a gran escala de area por medio dunha concesión privada, disfrazada como criadeiro de mariscos, ante a indiferenza da Administración e a indignación dos veciños, moitos deles pescadores e mariscadores afectados por esta actividade. Máis de catro mil persoas, convocadas por organizacións nacionalistas e de esquerdas, participaron nunha protesta que foi reprimida pola Garda Civil. Tamén o lembra Evencio Ferrero:


*“Á fin os xuíces fixeron xustiza (..) a marisma restituíuselle aos veciños e os resultados aí están. En distintos procesos electorais en Lema o BNG foi a forza máis votada”.*

Daqueles anos xorde un grupo de persoas que, arredor da figura de Evencio, conforman un núcleo de actividade política e social que se mantén ata hoxe. Aqueles primeiros anos de organización ao abeiro dos movementos nacionalistas xeran unha estrutura orgánica e

organizativa con forza suficiente para competir no escenario municipal. Así o evidencian as cifras das eleccións municipais:

| ELECCIÓN           | % VOTOS CARBALLO <sup>14</sup> | % VOTOS GALICIA <sup>15</sup> |
|--------------------|--------------------------------|-------------------------------|
| 1979 <sup>16</sup> | 14,32 %                        | 7,4 %                         |
| 1983               | 11,94 %                        | 4,1 %                         |
| 1987               | 15,63 %                        | 4,5 %                         |
| 1991               | 10,96 %                        | 7,8 %                         |
| 1995               | 26,24 %                        | 13,3 %                        |
| 1999               | 36,53 %                        | 18,8 %                        |
| 2003               | 26,96 %                        | 19,7 %                        |
| 2007               | 41,40 %                        | 19,5 %                        |
| 2011               | 45,04 %                        | 16,9 %                        |
| 2015               | 48,11 %                        | 13,1 %                        |

De xeito máis visual pode servir este gráfico:



Observamos varios aspectos salientables. Desde o 1979, o grao de apoio ao BNG en Carballo está por riba da media galega, aínda que van medrando de xeito paralelo.

Evencio Ferrero menciona este asunto no libro biográfico xa mencionado neste traballo:

<sup>14</sup> Datos do Ministerio del Interior (infoelectoral.interior.es)

<sup>15</sup> Datos obtidos de "Las elecciones locales y provinciales en Galicia (1979-2004). Comportamiento electoral y continuidad/renovación de las autoridades locales" (Márquez Cruz, G., 2004) e do Ministerio del Interior (infoelectoral.interior.es)

<sup>16</sup> Datos do BN-PG.

*“As relacións en Carballo son moi complexas. Os nacionalistas, por exemplo, temos unha grande introdución social e boas relacións persoais con xente de todo tipo de sectores, tanto de distinta idade como de cultura ou ocupación. Isto fainos obter uns resultados políticos que non se corresponden coa militancia organizada que existe, senón que a superan. Os nosos resultados son moi superiores, mesmo se os comparamos cos do BNG no resto de país, e neses bos resultados tamén hai que ter en conta o avance que fomos tendo no rural (...). Carballo debe ser un dos concellos onde obtemos os mellores resultados sen estarmos nunca no goberno”.*

No momento destas afirmacións (finais de 2002), o BNG aínda non tiña a hexemonía no rural que comezou a acadar a partir do ano 2007, cando xa se impuxo en gran parte das parroquias, reforzando ademais o apoio no casco urbano, que se achegou ao 60 por cento nalgúns mesas nas eleccións de 2015.

Nesa boa dinámica hai, aínda así dous puntos de retroceso. Un deles é no 1991, cando Independientes por Carballo e PP obteñen 17 dos 21 concelleiros da corporación. O outro, o máis destacable, coincide curiosamente coa chegada do BNG á alcaldía. É no 2003 cando a fronte acada o seu mellor resultado galego nas municipais cun 19,7 por cento dos votos, mentres que en Carballo queda nun 26,96 por cento, caendo case dez puntos respecto ao ano 1999, e coincidindo cun importante aumento do PSdeG, que gaña 800 votos.

O descenso de 2003 e o acceso á alcaldía marcan o punto de inflexión e a inversión de tendencias do BNG en Carballo e en Galicia. Mentres que en Carballo o partido leva tres eleccións consecutivas rompendo o seu teito no tocante á porcentaxe, a fronte amosa un claro retroceso a nivel galego. A grave perda de apoios que o BNG amosou nas últimas citas autonómicas e estatais reforzaría a distancia entre estas dúas tendencias, aínda que a estrutura municipal do BNG, máis forte ca a dos partidos emerxentes, palía en parte esta caída nos comicios locais.

Con estes datos na man, podemos amosar o feito diferencial do BNG carballés. Hai un apoio maior desde a Transición, un destacado aumento entre 1991 e 1999, onde se conforma a alternativa de goberno, e unha volta en 2003 aos niveles de 1995, aínda que este descenso se compensa coa obtención da alcaldía e o acceso a unha base electoral moito maior desde o 2007. Esta última etapa (2007-2015) racha coa tendencia de retroceso da fronte a nivel galego.

Ao reflexionar sobre as claves desta consolidación, Evencio Ferrero, elude dunha explicación ideolóxica para argumentar o éxito do BNG desde 2003 en Carballo:

*“En determinados núcleos, se un non está en contacto permanente coa sociedade, o éxito electoral é difícil. E cando a tendencia xeral era negativa para o BNG, nós seguimos medrando. Conformar un grupo de traballo como ten o BNG en Carballo é un traballo de moito tempo, de moitos anos; temos unha relación extraordinaria, sen fisuras, onde a maiores hai unha relación de amizade, e a xente percibe, confianza, honestidade e seguridade. Despois teremos que mirar cómo se volve a sintonizar de novo desde o BNG co electorado galego.”.*

Non en tanto, o resto de persoeiros entrevistados manifestan que nesta dinámica ten tamén bastante que ver a escasa implantación do PSdeG a nivel orgánico en Carballo. Un feito que, como é lóxico, tamén pode estar relacionado coa existencia previa dunha organización e estrutura artellada polo BNG, que xa cubría non só o *cleavage* nacionalista, senón tamén o de esquerdas.


A xornalista Cristina Abelleira, por exemplo, cre que a implantación do nacionalismo en Carballo é “escasa”. “Se existise un grao de implantación importante, os resultados nas eleccións autonómicas e xerais serían outros”, di. O certo é que o BNG superou ao PSdeG en varios comicios autonómicos (1997, 2001 e 2005) e xerais (2000). Incluso nas autonómicas de 2005, os nacionalistas superaron ao PP por 44 votos nas mesas electorais do casco urbán. Pero en conxunto, ou ben o PP ou o PSdeG ocuparon o primeiro posto con porcentaxes case sempre superiores ao 40 por cento. É destacable tamén que nas últimas dúas eleccións xerais (2015 e 2016), o BNG se vira relegado á quinta posición, superada por En Marea e Ciudadanos.

Desde os outros grupos políticos, apúntase a posibilidade de que na loita entre BNG e PSdeG polo centro-esquerda, os nacionalistas apropiáronse deste espazo grazas ao seu traballo político e organizativo e tamén, nunha importante parte, debido á debilidade do PSdeG nestes aspectos. Imos analizar esta situación cos datos electorais e coas entrevistas realizadas.

Os apoios da esquerda foron recollidos, na súa inmensa maioría, por BNG e PSdeG-PSOE. Houbo outras formacións, como a Agrupación Democrática Popular do 1979, próxima ao PCG, que tamén obtiveron representación na corporación, aínda que os seus resultados sempre foron menores aos dos dous partidos mencionados. Así, a distribución do voto ao longo das sucesivas citas electorais municipais ofrécenos a seguinte panorámica:

| ELECCIÓN | VOTOS BNG (%)                  | VOTOS PSdeG-PSOE (%) |
|----------|--------------------------------|----------------------|
| 1979     | 1.229 (14,32 % <sup>17</sup> ) | 569 (6,63 %)         |
| 1983     | 1.195 (11,94 %)                | 1.690 (16,88 %)      |
| 1987     | 1.954 (15,63 %)                | 1.603 (12,82 %)      |
| 1991     | 1.685 (10,96 %)                | 1.433 (9,32 %)       |
| 1995     | 4.324 (26,24 %)                | 1.801 (10,93 %)      |
| 1999     | 6.374 (36,53 %)                | 1.519 (8,70 %)       |
| 2003     | 5.203 (26,96 %)                | 2.322 (12,03 %)      |
| 2007     | 7.545 (41,40 %)                | 2.420 (13,28 %)      |
| 2011     | 7.880 (45,04 %)                | 1.523 (8,70 %)       |
| 2015     | 7.512 (48,11 %)                | 1.676 (10,73 %)      |

E de novo visto sobre o gráfico, as tendencias amósanse máis evidentes:



As tendencias amosan un comportamento moi parecido entre 1979 e 1991, cando o centro-dereita copaba a corporación municipal de Carballo. O PSdeG incluso chega a superar ao BNG en 1983, coincidindo coa chegada de Felipe González. O gran salto do BNG acontece en 1995, cando tamén se produce un importante incremento a nivel galego, como puidemos ver na gráfica anterior. A viaxe cara o centro político que realiza a fronte na década de 1990, descrita por Barreiro Rivas (2004), puido servirle ao BNG carballés para recoller no camiño electores que apoiaron ao PP en 1991 e que non simpatizaban cos independentes de ese ano,

<sup>17</sup> Datos do BN-PG

encabezados polo alcalde Manuel Varela e integrados posteriormente na formación conservadora, ademais dos novos votantes que apoiaron á candidatura nacionalista. Queda claro que a transferencia PSdeG-BNG foi pouco significativa, xa que os socialistas carballeses mantiveron as súas dúas actas e melloraron en 1995 os resultados de 1991.

Manuel Andrade opina que no PSOE

*“hai unha carencia importante de implantación social e organización. E iso nótase á hora das eleccións. Propóñense ideas que están ao marxe dos problemas cotiáns dos veciños de Carballo. Non se pode aplicar o mesmo programa aquí que en Santiago, na Coruña ou en Madrid. E o PSOE nunca aplicou un programa municipal para Carballo (...).O PSdeG-PSOE estalle regalando o espazo político ao BNG. Esa falta de propostas locais nótase, e non hai capacidade para contrarrestar o traballo do BNG, que ten unha implantación maior no pobo”*.

O exalcalde Manuel Varela Rey tamén apunta nesta dirección:

*“Cando nós chegamos, no 87, en Carballo gañaba de calle o PSOE nas xerais, pero nas municipais a cousa cambiaba. Aquí, o PSOE sempre foi o apéndice do BNG, pregábanse aos seus intereses e non facían crítica. Son os primeiros que non cren nas súas posibilidades, non se erixen coma alternativa. O eslogan do PSOE en Carballo debería ser: por se Evencio non ten os apoios necesarios, aí estamos nós. Póñenlle a alfombra. E nunca ofreceron unha alternativa. Nin cando gobernamos nós. O BNG tiña un liña contundente, acertada ou non, pero era clara. E o BNG foi ocupando o espazo do centro-esquerda aproveitando esta inoperancia do PSOE. Pero nunca houbo un discurso municipal do PSOE, eu non o coñezo”*.

Varela profunda nesta idea ao falar da entrada no goberno local do BNG.

*“Atopáronse co vento de cara. Durante o tripartito, Andrade aínda discrepaba de cando en vez pero o PSOE nunca deixou caer unha soa crítica. E de cara ao electorado, iso non é bo. Non podes esperar que a xente te vote se non hai diferenzas entre ti e o alcalde. Non te atribúes ningún logro, atribúese todos o alcalde, que vas esperar?”*

Desde o PSdeG asumen a autocrítica. O voceiro municipal entre 2003 e 2015, José Antonio Viña, é o primeiro en recoñecer que o partido non fixo un bo traballo na vila.

*“Na liña de saída do ano 1979 estabamos en mellores condicións e non fomos quen de aproveitar a vantaxe. O PSOE non fixo ben as cousas en Carballo, diría que as veces rematadamente mal, déronse bandazos e o Bloque aproveitouno. Houbo dous períodos de certa ilusión encabezados por Carlos Puga e por min pero nin Carlos nin eu tivemos suficiente aguante”.*

Viña refírese á etapa entre 1987 e 1995, na que o avogado Carlos Puga Trigás, un persoeiro moi activo no ámbito social e educativo de Carballo, encabezou a lista do PSdeG-PSOE, mantendo unhas cifras de apoio superiores ao 10 por cento. Posteriormente, asumiu o liderado Acacio Rodríguez, que foi candidato en dúas ocasións (1995 e 1999), pero foi expulsado en 2002 pola “indisciplina reiterada” do edil. Nesas dúas citas electorais produciuse a gran fenda electoral da esquerda en favor do BNG, mentres o PSdeG mantiña cifras similares de apoio. O exvoceiro socialista expón tamén unha frase moi definitoria da situación:

*“O espazo da esquerda en Carballo ocúpao Evencio Ferrero”.*

Esta afirmación recolle, por unha banda, o importante capital simbólico da figura do actual alcalde, xa que non nombra ao BNG, senón ao propio Evencio. E, ao mesmo tempo, Viña recoñécelle ao rexedor a capacidade de decantar para si o *cleavage* esquerda-dereita, arrebatándollo ao PSdeG.

O propio Ferrero opina que a posición feble do PSOE en Carballo tamén ten que ver co esforzo realizado durante anos por ese núcleo xurdido a comezos dos 70 arredor do movemento nacionalista:

*“O PSOE gañou eleccións xerais en Carballo varias veces pero logo nunca pasou dos tres concelleiros nas municipais. Creo que iso ten que ver co noso gran enraizamento de comezos dos anos 70 e cun traballo constante. Eu tiven a responsabilidade de encabezar as candidaturas do BNG desde 1979, e fíxeno sempre co apoio de parte da sociedade e da militancia, non tería sentido doutra forma”.*

Neste punto, Cristina Abelleira engade que os carballeses máis próximos á esquerda optan polo Bloque ante a debilidade dos socialistas:

*“Creo que en Carballo existe o mesmo bipartidismo esquerda – dereita que en calquera outro lugar. O BNG soubo ocupar o espazo da esquerda restándolle*

*protagonismo ao PSOE (...). O electorado potencial do PSOE prefire a opción BNG. Creo que as guerras internas e os cambios constantes de candidato/a tampouco axudaron aos socialistas, e que a etapa de Acacio Rodríguez (1995-2003) causou un gran dano do que non é doado recuperarse”.*

Coa chegada de José Antonio Viña, parece que o PSdeG consegue, por primeira vez en moito tempo, conformar unha alternativa de esquerdas máis alá do BNG fronte á maioría absoluta do PP. O candidato socialista en 2003 lembra:

*“Formouse un grupo social heteroxéneo ó redor do PSOE que se propuxo como obxectivo presentar un equipo que puidera dar a alternativa. Polo camiño apareceu o grupo dos independentes que minorou considerablemente as expectativas”.*

Viña refírese á irrupción de Manuel Andrade co CDI, un partido *atrapado* que colleita apoios procedentes, en gran parte, do sector crítico do PP local, abstencionistas e incluso do BNG. De feito, cun censo case igual, a participación medrou en case 2.000 persoas respecto ao 1999. Esa bolsa de abstencionistas podería impulsar aínda máis o aumento do PSdeG, reducindo a distancia co BNG e reforzando a idea de alternativa que expoñía Viña.

#### **4.3.3. O liderado de Evencio Ferrero**

Preguntóuselle a José Antonio Viña, candidato do PSdeG-PSOE á alcaldía de Carballo en 2003, 2007 e 2011 e voceiro municipal entre 2003 e 2015: “Que importancia ten a figura de Evencio Ferrero nos bos resultados do BNG en Carballo?”. A resposta é tallante: “*Toda*”. Viña, que gobernou en coalición co BNG entre 2003 e 2011, coñece ben o capital simbólico acumulado polo actual alcalde de Carballo ao longo da súa traxectoria política.:

*“O espazo de esquerda en Carballo ocúpao Evencio Ferrero (...). Na política municipal, polo menos en Carballo, tárdase moito en gañar a confianza da xente. Evencio tardou 24 anos, pero chegou”.*

A esta perseveranza alude tamén o que foi alcalde de Carballo entre 1991 e 2003, Manuel Varela Rey.

*“A gran virtude de Evencio foi a paciencia que tivo. Aguantou media vida na oposición e ao final a xente premioullo, dalgunha maneira tiña que ter unha oportunidade. Fixo oposición e pelexouna”.*

Iso si, Varela réstalle importancia á papel do actual alcalde nos resultados electorais do BNG, facendo un percorrido polo histórico das eleccións municipais:

*Eu o que vexo é que no 1979 estaba Evencio, e tamén estaba no 1983, no 1987, no 1991, no 1995 e no 1999. E no 2003 perdera dous concelleiros respecto a 1999.(...). Quen peor sae das eleccións do 2003 está claro quen é, ¿non? (en alusión a Evencio Ferrero). Era, non digo que un clamor, pero era irse para casa si ou si, pero claro, se se xuntan tres é máis fácil (en referencia ao tripartito BNG-CDI-PSdeG).*

O propio Evencio Ferrero reconece que entre 1999 e 2003 o BNG cometeu determinados erros que a cidadanía carballesa castigou:

*“Nas eleccións de 2003 a xente deunos un aviso. Pero eu na noite electoral compartín unha reflexión cos compañeiros. Dixen que era certo, que perderamos dous concelleiros e que algo fixeramos mal, pero non podíamos perder de vista que aquela vez era a primeira na que estabamos en disposición de encabezar unha alternativa de goberno”.*

A xornalista Cristina Abelleira, que seguiu a información municipal en Carballo durante máis de vinte anos desde as páxinas de *La Voz de Galicia*, si ten claro que a figura do actual alcalde é clave para a conformación da alternativa do Bloque:

*“(A figura de Evencio) é fundamental. Eu penso que sen Evencio non existiría éxito electoral do BNG”.*

Quedan poucos concelleiros en Galicia que estiveran presentes de forma ininterrompida nas corporacións municipais desde o ano 1979. Buscando na hemeroteca, vemos que Ferrero é o único, polo menos na zona da Costa da Morte<sup>18</sup>, tras a renuncia de Ramón Redonda (Fisterra) e Manuel Andrade (Carballo). Naquelas eleccións, Evencio encabezou a lista do BN-PG con só 23 anos. Fíxoo a pesar de pasar varios meses hospitalizado debido a un grave accidente que lle deixou visibles secuelas ao camiñar. Desde entón, compaxinou a labor política coa docencia ata que no 2003 foi elixido alcalde, amén de participar en numerosas iniciativas culturais, deportivas e sociais da capital de Bergantiños.

O progresivo aumento da representación do BNG na corporación carballesa foi reforzando a figura de Ferrero ata convertela no símbolo do nacionalismo en Carballo e recibindo eloxios

---

<sup>18</sup> "Los de la quinta de 1979 resisten". La Voz de Galicia, 22-4-15.

de compañeiros de partido, como o que lle brindou o exvoceiro e candidato á Xunta, Francisco Jorquera, durante a campaña das eleccións municipais do 2015:

*“En 35 anos nunca escoitei falar mal de Evencio, nin como persoa nin como alcalde. Porque Evencio é un excelente alcalde, sen dúbida ningunha o mellor alcalde da historia de Carballo. Pero para ser bo alcalde, e máis nos tempos que corren, tamén é necesario ser boa persoa. E como persoa (e xa é difícil, porque é un excelente alcalde), Evencio é aínda mellor”.*<sup>19</sup>

Como é normal, a opinión non é unánime. Amais das dúbidas que amosa Manuel Varela sobre a importancia real da figura de Evencio nos resultados do BNG, o talante integrador (que algúns atribúen a unha pantalla estratéxica) do actual alcalde tamén suscita críticas, tanto fóra como dentro da súa formación e espectro ideolóxico. Para Manuel Andrade, socio de goberno durante dous anos, as virtudes son outras:

*“A dialéctica de Evencio ninguén a discute. Creo que é unha das mellores cousas que ten. Trata de convencer de primeiras, e moitas veces convéncete. Pero unha vez que o coñeces vese que esas cousas moitas veces non se cumpren. Os feitos non se ven. Magnifícanse pequenos logros e desvíanse problemas importantes que teñen respostas claras. A culpa ou é da Xunta, ou do Goberno, ou da Deputación, pero nunca deles”.*

Estas críticas tamén xorden dentro dalgúns foros do propio BNG e do nacionalismo de esquerdas. Son, con todo, críticas minoritarias e en voz baixa, aínda que chegan á opinión pública. Case todas están centradas na “complicidade” entre o nacionalismo en Carballo e institucións como a Igrexa ou a Garda Civil, xa que o alcalde de Carballo e algúns concelleiros do goberno participan todos os anos en actos como o Día do Pilar<sup>20</sup> ou a ofrenda a San Xoán<sup>21</sup>, patrón da vila. A presenza nestes actos, segundo estes críticos, choca de xeito frontal co ideario do BNG. Son, en certo punto, críticas que tamén se lle realizan a outros rexedores nacionalistas, como Miguel Anxo Fernández Lores en Pontevedra.

Por outra banda, os escasos datos demoscópicos dos que dispoñemos tamén confirman a importancia do liderado do actual alcalde carballés. No estudo previo ás municipais elaborado

---

<sup>19</sup> Páxina de Facebook do BNG de Carballo, 12-5-15.

<sup>20</sup> “La Guardia Civil de la zona celebra por todo lo alto el Día del Pilar”. La Voz de Galicia, 13-10-15.

<sup>21</sup> “Ofrenda a San Xoán 2014”. La Voz de Galicia, 25-6-14:

[http://www.lavozdegalicia.es/noticia/carballo/2014/06/25/ofrenda-san-xoan-2014/0003\\_201406C25C2992.htm](http://www.lavozdegalicia.es/noticia/carballo/2014/06/25/ofrenda-san-xoan-2014/0003_201406C25C2992.htm)

por Sondaxe en abril de 2015, Evencio Ferrero obtiña unha valoración de 6,80 e un coñecemento do 96,3 por cento entre os enquisados, só superado en Galicia por Pilar López, entón alcaldesa de Monforte (6,93). Paradóxicamente, a alcaldesa monfortina perdeu a alcaldía en favor do PSdeG.

Ante este capital simbólico acumulado por Evencio Ferrero, ábrese a interrogante do que ocorrería o día que, por un ou outro motivo, deixase de ser o candidato do BNG en Carballo. Van, en primeiro lugar, as reflexións do exvoceiro socialista, José Antonio Viña:

*"Vai haber alguén que aglutine todo ese capital no momento en que Evencio o deixe? Ou incluso: produciranse fisuras en Carballo como se produciron no BNG a nivel galego? Porque aquí non se sabe nada de divisións. Hai unha unión tremenda, pero que depende da figura de Evencio. Eu a día de hoxe non percibo a ningúen que poida recoller esa herdanza".*

Sobre a reflexión do que pasaría no momento no que o actual alcalde renuncie a presentarse, no centro-dereita optan por mirar máis cara dentro da casa. Tanto Andrade como Varela cren que a interrogante non está tanto no futuro de Evencio como na posibilidade de que o centro-dereita se unifique e xurda un liderado novo e forte. Sobre este debate xira o seguinte punto desta análise.

#### **4.3.4. O centro-dereita: división e perda da hexemonía.**

“Se o centro-dereita estivera unido en Carballo, nunca chegaría o BNG ao goberno”. Afirmao Manuel Andrade, veterano político carballés, concelleiro no goberno entre 1979 e 1991 e 2003 e 2007 e na oposición entre 2007 e 2015. A figura de Andrade, coas filias e fobias que esperta, é chave para entender a política municipal carballesa desde a Transición. Comezou na UCD, pasou por AP, PP e, en 2003, presentouse polo CDI, que decantou a balanza a favor da investidura de Evencio Ferrero. Esta división do centro dereita ten varios puntos álxidos ao longo da historia democrática municipal de Carballo. A primeira fractura importante produciuse no ano 1991, antes dos comicios municipais. Andrade lémbrao así:

*“Antes das eleccións chamounos Manuel Fraga para falar con nós. Despois de gañar no 1987 coa CPG, e da man de Xosé Cuíña, que era o noso valedor, no PPdeG querían integrarnos na lista do PP para Carballo, para que a partir da CPG do 1987, o PP conseguira a alcaldía. Había investimentos importantes para a vila sobre a mesa, e querían contar con nós. Durante a reunión, Fraga e Cuíña*

*chaman a José Manuel Romay Beccaría, que estaba impulsando, por outro lado, unha alternativa con Manuel Varela como candidato do PP, e fanlle unha proposta: José Sánchez Vilas como cabeza de lista, Andrade de 2º e Varela de 3º. Varela vai ser alcalde, porque Sánchez Vilas será proposto como presidente da Deputación e Andrade será nomeado Director Xeral de Conservación da Natureza da Xunta. Romay dixo que aceptaba, aínda que eu sabía que non lle gustaba iso, e nós non eramos amigos de Romay, senón de Cuíña.*

*Finalmente non se chegou a acordo. A pesar disto, despois das eleccións, intentouse integrar aos dous grupos, a cambio da miña designación como director xeral, que chegou a anunciar Fraga nunha rolda de prensa. Pero foi entón cando Romay empezou unha campaña de persecución contra min, na que se me acusaba de cazador empedernido, de anticonservacionista, poñendo en dúbida a miña conveniencia para o cargo de director xeral. Conseguiu frear a miña designación, e eu presentei a miña dimisión como concelleiro”.*

Manuel Varela Rey, alcalde entre 1991 e 2003, conta o seu punto de vista deste mesmo episodio:

*A finais do 90, a dirección do PPdeG decide chamar á xente da CPG para encabezar a lista do PP en Carballo. Nós estabamos consolidando un bo grupo, e de súpeto, sen dicirnos nada, propoñen a Sánchez Vilas. Houbo unha rebelión moi forte. O argumento era moi fácil. Era dicirlle a Fraga: Vostede abandona aos que o apoiaron a vostede ata agora, e aos que lle fixeron fronte, apóiaos. Entón xorde a opción de presentar unha candidatura independente. Nós entendiamos que o goberno da CPG era mellorable. E de novo, propoñenme a min como candidato (xa o fora en 1987 por AP). A min colócanme nunha situación moi difícil. Eu era deputado en Santiago, e o PPdeG tiña 38 deputados fronte a 37 da oposición e de repente xorde un deputado díscolo. Eu entón pensei: eu estaba en Santiago, pero foi grazas a que a xente en Carballo apostou por min. Optei polo que a priori podía ser o menos sensato. E decidimos enfrontarnos a Fraga no 1991, que era todopoderoso. ¿Quen lle tusía a Fraga no ano 1991? (...). A xente valorou ese atrevemento de David contra Goliat. Gañamos a confianza de persoas que non militaban no PP e iso serviunos para construír unha rede electoral moi importante por Carballo (...). Un ano despois reincorporámonos,*

*sen pedir nada a cambio, porque nos non tiñamos nada que esixir, salvo que se nos recoñecera como os representantes do PP en Carballo”.*

Tamén Evencio Ferrero afonda na idea da fortaleza do centro-dereita en Carballo e nos seus conflitos internos, mencionando o caso do ano 1991 que conta Andrade sobre estas liñas.

*“Sempre as maiorías absolutas caeron do lado da dereita, quizais debido a unha estrutura de poder local tan forte que pode chegar a condicionar o sentido do voto. De feito, a única ocasión en que non houbo unha maioría absoluta no concello foi no período 1987-1991<sup>22</sup>, porque a dereita apareceu moi dividida, cunha candidatura moi forte de Alianza Popular, con Manuel Varela, Marcelino Collazo, Chicha Calvo, Xaime Vázquez, Marino Sueiro, (José Bello) Pallas, etc., unha candidatura que aspiraba a gobernar e fracasou. Non esqueceron a derrota e prepararon todo para no 1991 efectuar esa toma de poder”.*<sup>23</sup>

Continúa o actual alcalde destacando a intensidade da campaña de 1991:

*“O comportamento electoral de Carballo sempre foi un tanto singular. A nosa vila está articulada por unha dereita económica un tanto desmembrada, que se cohesionou coa intención de botar do concello a Sánchez Vilas na candidatura de Independentes por Carballo, a que colocou a Manolo Varela na alcaldía. Esa foi a primeira ocasión en que esa dereita económica decidiu claramente intervir na política local”.*

Esa cita electoral, na que segundo Evencio Ferrero a “dereita económica” interveu directamente na política local, coincide coa maior cota de representación do centro-dereita (17 de 21 concelleiros). A posterior integración dos independentes no PP reforzou a hexemonía, que se mantería ata o ano 2003, e acabou (así o parecía naquel momento) coa carreira política de José Sánchez Vilas e Manuel Andrade. Sánchez Vilas intentou recuperar a alcaldía en 1995 coa AEIC, pero obtivo só dous concelleiros. Pola súa parte, Manuel Andrade decidiu apartarse e trasladarse a Madrid para centrarse na súa labor como presidente da Federación Española de Caza.

Así transcorren dous mandatos relativamente tranquilos para o goberno do PP en Carballo, con maiorías absolutas. Nese tempo, dentro do contexto positivo a nivel xeral, o BNG

---

<sup>22</sup> No momento destas entrevistas, a finais do 2002, aínda non se producira a perda da maioría do centro dereita de 2007, 2011 e 2015

<sup>23</sup> *Conversas con Evencio Ferrero* (2003). Páx. 55

melloraba os seus resultados ata conseguir oito concelleiros no ano 1999. E á metade dese mandato prodúcese a segunda fractura no centro-dereita, que medra, en gran parte, sobre os cascallos do conflito do ano 1991. Dous dos concelleiros do PP, José Bello Pallas e José Manuel Pena García, rompen a disciplina de voto cando se ía realizar a aprobación inicial do Plan Xeral de Ordenación Municipal. Andrade, que nunca deixou de seguir de preto a vida política carballesa, xa levaba tempo preparando o seu regreso, e viu a oportunidade:

*“No 2000 noméanme presidente da Federación Europea de Caza, pero en 2002 xa estaba algo cansado da actividade institucional e decidín volver a Carballo, aínda que cumprín o mandato como presidente ata o 2003. Desde o PP ofreceranme un posto no Parlamento Europeo, xa que levaba tempo traballando cos asuntos da Federación, e en Castilla-La Mancha, onde tamén tiña moitos vínculos pola miña labor, pero dixeran só aceptaría volver ao PP se era como candidato á alcaldía de Carballo. Rajoy chegoume a dicir: “Eso está hecho”. Pero eu sabía que ía ser moi difícil, que eu era o inimigo a derribar dentro do PP local. Regreso ao pobo e empezo a tentear á xente en Carballo para a miña candidatura, a instancias de dirixentes nacionais do PP, pero, como agardaba, atópome cunha oposición frontal dentro do partido a nivel local. Falei con Manuel Varela, entón alcalde, que xa estaba informado do tema, e díxome que tería que debatelo co comité local. Pero nese comité non me aceptaban, e non había maneira de chegar a acordo, así que comecei a traballar para constituír o CDI. Tiña o apoio dos sectores afíns ao PP, pero críticos coa dirección local, e arredor deles armei a candidatura. Sacamos catro concelleiros e convertémonos na chave de goberno. Creo que o éxito se baseou en que había necesidade dunha alternativa ao PP local, e xente decepcionada con algúns aspectos da xestión do goberno. Había unha parte importante dos veciños de Carballo que simpatizaban co ideario político do PP, pero que non compartían determinadas decisións que se tomaron.”*

Aquí si que hai unha visión distinta por parte de Manuel Varela Rey:

*“Todo comeza cando xusto despois de conseguir o noso mellor resultado histórico, hai unha serie de persoas que empezan a deixar de ser leais ao partido. Botáronme un pulso pensando que eu non sería capaz de tomar unha determinación. Dalgunha maneira retáronme a que non era capaz de quedarme en minoría e de non ter o que había que ter para cesalos. Eu díxenlles que se propoñían a moción que estaban pensando facer, eu automaticamente cesábaos. E non crían que o ía facer (...).*

*Chegou un momento no que esa xente andaba por libre e facendo cousas contrarias ao interese xeral e dixer: por aquí non. Podería dicir máis, auspiciados pola dirección provincial.*

*A discrepancia non era co plan xeral. Asumín eu a concellería de Urbanismo, saquei o plan xeral adiante e aprobouse por unanimidade, incluso co apoio daqueles discrepantes (...). Eu ía á Coruña e dicíalle que estaban falando no seu nome en Carballo de determinadas cousas, e eles negábano. E eu dicía: ‘como que non? Se mo di a min a xente que vén ás reunións?’ Intentaron tocarme a todos os concelleiros. Dous cederon, dous dubidaron e o resto cerraron filas comigo. E anos máis tarde entereime de determinadas cousas, fun conseguindo máis información de xente que me contou. Se ti tes un grupo que se rompe, que vai poñendo a zancadilla por aí, é difícil manterse”.*

Este desgaste levou ao PP local a preparar unha renovación de cara aos seguintes comicios. E xa había decisións tomadas, como lembra Varela Rey:

*“No partido xa tiñamos decidido que o candidato ía ser Alberto Sueiro. Pero a alguén ocorréuselle facer unha enquisa de valoración do goberno e os resultados apuntaban claramente a que eu debía repetir. Igual non tiñamos que facerlle caso á enquisa, pero ao final foi así”.*

A xornalista Cristina Abelleira ofrece tamén unha panorámica interesante sobre as circunstancias que rodearon ás eleccións do ano 2003:

*“,O BNG xa acadara moi bo resultado no 1999 e percibíase na sociedade carballesa que había ganas de cambio(...). Un factor fundamental (para a chegada á alcaldía do BNG) foi o desencanto de boa parte do electorado do PP co goberno de Manuel Varela Rey, o que provocou a “fuga” de boa parte dos seus votantes ao CDI tras o regreso de Manuel Andrade á política local. Moitos deses votos, segundo se pode desprender dos resultados electorais, xa foran parar no ano 1999 ao BNG, que experimentara un importante incremento de apoios, pero o descenso do 2003 pon de manifesto que non se trataba de voto nacionalista, senón de “desencantados” co goberno existente (...). Os votantes de Terra Galega eran votantes do PP antes de que Andrade regresase á política local, pero que, evidentemente, estaban no PP porque non tiñan outra opción de dereitas á que poder apoiar. Andrade deixara unha pegada importante do seu paso polo goberno de Sánchez Vilas e tiña unha rede de*

*colaboradores polas parroquias que fixo un traballo excelente, que lle permitiu pasar de 0 a 4 concelleiros no 2003”.*

Esta división entre o centro-dereita non se manifesta noutros procesos electorais. E así, o PP obtivo, nos últimos 20 anos, vitorias en todas as citas autonómicas, xerais e europeas, excepto en 2008, cando o PSOE de Zapatero se impuxo por un estreito marxe (200 votos) ao PP en Carballo. Manuel Andrade afirma que “Carballo non é de esquerdas”, e acompaña a súa afirmación co seguinte razoamento:

*“Hai unha corrente maioritaria de veciños e veciñas que son conservadores no moral, pero socialdemócratas no sentido de que cremos que todo o mundo debe ter os seus dereitos. Iso si, cremos tamén que a base do Estado do Benestar é unha economía forte que o poida financiar, e que hai que darlle facilidades á xente para que poida medrar economicamente. Non somos idealistas, nin queremos prestacións e servizos a cambio de nada. E aí, nunha parte da mocidade que cre que pode haber café para todos, é onde pesca os seus votos o BNG na actualidade. Moita xente pensa así, e se estivera unida, gobernaría o centro-dereita en Carballo”.*

O propio Evencio Ferrero reconece a hexemonía desa dereita, e dálle en parte a razón a Andrade no referente ao que pasaría se non xurdira o CDI:

*"O gran éxito de Independentes por Carballo no 1991 foi aglutinar á gran parte da dereita carballesa e así sacou aquel resultado espectacular. Despois, co paso dos anos, ese gran núcleo foise disgregando e diluíndo. No 2003 xorde unha nova formación, impulsada polos herdeiros dos que foron penalizados no ano 1991. Iso fixo posible erosionar o electorado do PP e permitiu conformar unha nova alternativa de goberno. Se en 2003 non xurdira o CDI estaríamos falando dun escenario completamente distinto".*

O 14 de xuño de 2003, día da sesión de investidura, o BNG conseguiu a alcaldía de Carballo cos apoios de PSdeG-PSOE e CDI. Os resultados das eleccións do 25 de maio deran paso a tres semanas de negociacións, no que todas as combinacións pasaban polas mans de Andrade e o CDI, e el era consciente:

*“Houbo moita presión. De novo involucrouse o propio Rajoy. Na véspera da votación da investidura, fixemos unha asemblea na que os militantes do CDI*

*decidiron non pactar con Varela e apoiar a Evencio. Antes da asemblea, chamoume Rajoy para pedirme que me abstivera. “Como no te abstengas, no te hablo más”, díxome. E respectou a súa palabra. Non volvemos falar desde entón. Eu debíame aos meus votantes, e eles non querían a Varela, así que votamos a favor da investidura de Evencio, aínda que non pactamos e deixamos que BNG e PSOE conformasen o seu goberno.”*

Manuel Varela tamén recoñece que o principal atranco para un acordo do centro-dereita era a súa figura:

*“Falei con todos os grupos pero non había moito que dicir. Estorbáballe eu, non hai outra lectura. A miña postura era que se eu era o problema para conseguir un acordo de investidura con outro grupo, eu marchaba sen problema. Iso díxenllo a Xesús Palmou en Carballo. Pero eu non era o problema real, case nunca os problemas son os que aparentan”.*

O exalcalde popular tamén aproveita para facer unha revisión dos resultados dos 2003. Vén a dicir que, a pesar de que o PP perdeu a alcaldía, o retroceso non fora tan grave, dadas as circunstancias que rodearon a esa convocatoria electoral. E, ademais, apunta a que o auténtico derrotado deses comicios fora realmente o BNG:

*Os datos de 2003 non se lembran moito. A pesar de todo o que pasou, gañamos as eleccións e conseguimos 2.500 votos máis que o BNG, que á súa vez perdeu máis de 1.000 votos e dous concelleiros. Se ti preguntas quen perdeu as eleccións no 2003, todo o mundo di que as perdeu o PP, pero os números din outra cousa. Aí é onde se revive o do ano 1987, cando todos se xuntan contra nós. (..).Eu recordo que ao facer o balance das eleccións, eu estaba descontento co resultado. E lembro que me dixo Marcelino<sup>24</sup>: 'pero ti cantos pensabas sacar? Cesas a dous concelleiros, tiñas outros dous dentro facéndoche o vacío no que podían, difundindo mentiras, todo valía'...”*

A lectura de Evencio Ferrero sobre estes mesmos resultados é distinta, aínda que tamén asume que o electorado castigou ao BNG nesas eleccións:

*“A irrupción do CDI fíxolle perder a maioría ao PP pero tamén nos fixo perder votos a nós. Aínda perdendo representación, tivemos a oportunidade de ser a*

---

<sup>24</sup> Marcelino Collazo Pardo, concelleiro e man dereita de Manuel Varela entre 1991 e 2003

*candidatura que encabezase unha alternativa (...). Foi un pequeno aviso por parte do electorado, pero xa na mesma noite electoral eu trasladéille á xente do partido que era a primeira vez que en Carballo non se sabía quen ía ser o próximo alcalde. Así que había que estar aí, e falar con todas as forzas políticas”.*

Pola súa parte, José Antonio Viña fai unha lectura máis clara e sinxela do escenario que se abría tras as eleccións de maio de 2003:

*“Vaia por diante que na situación política de Carballo no ano 2003 os votantes dos tres partidos que podían ser alternativa non entenderían que se permitira a continuidade do Partido Popular. Parecía pois claro que había que facer alcalde a Evencio Ferrero”.*

A comezos de xullo asínase o acordo do goberno tripartito entre BNG, CDI e PSdeG-PSOE<sup>25</sup>. Nese momento, escapábase a posibilidade dunha moción de censura apoiada por PP e CDI, aínda que como lembra Andrade, posteriormente estivo preto de consumarse tras o amago da ruptura do tripartito, en setembro de 2005:

*“Aí retomouse a posibilidade da moción de censura, despois de que Varela marchase en 2005, xa con Sueiro como portavoz. Sentámonos a falar co PP, pero non chegamos a acordo pola negociación das áreas de goberno”.*

Ese momento foi o máis próximo á reunificación do centro-dereita en Carballo desde o 2003. Posteriormente, unha vez que o CDI se integrou en Terra Galega o proxecto centrista consolidouse. A maiores, a perda de apoios de PP e TEGA e diluíu a posibilidade dese pacto.

### **O pasado: “A dereita da desfeita”<sup>26</sup>**

Esta idea foi un dos eixos principais da campaña do BNG nas eleccións municipais do 2015. A “desfeita” refírese ao descontrolado crecemento urbanístico que experimentou Carballo a comezos dos anos 70 do século XX, cando foron destruídos dous edificios simbólicos da vila, como a igrexa e a antiga casa do concello. Respecto á ‘dereita’, está claro que o BNG dirixe os seus dardos contra a posible reunificación do centro-dereita que moitos sinalan como chave para arrebatarlle a alcaldía aos nacionalistas. O certo é que ningún dos candidatos de PP e TEGA en 2015 ocupaban responsabilidades políticas naquela época na que, por certo, aínda non rematara a ditadura franquista. Si se pode referir o BNG a esa “dereita económica” que se

---

<sup>25</sup> “La participación del CDI provoca una reestructuración de las áreas de gobierno”. La Voz de Galicia. 2-7-2003

<sup>26</sup> “El BNG exhibe sus logros y alerta de la ‘dereita da desfeita’”. 11-4-15

involucrou no ano 1991 na política municipal, e que non vería con malos ollos unha coalición PP-TEGA que lle arrebatase a alcaldía ao BNG.

É destacable que a campaña do BNG centrase as críticas cara a “dereita da desfeita” en Manuel Andrade, grazas ao cal accederon á alcaldía e con quen gobernaron durante dous anos (2003-2005). Nun dos vídeos empregados durante a campaña electoral, amosábase aos candidatos de PP (Miguel Ferreiro) e TEGA (Andrade), acompañados de José Bello Pallas, número 2 de TEGA<sup>27</sup>, a bordo dunha escavadora coa que pretendían “reconstruír” ao seu antollo a vila. No mencionado vídeo aparecían controvertidas obras realizadas durante a época de Andrade no goberno, coma o pavillón polideportivo da Grela<sup>28</sup>. En cambio, non aparecen outros proxectos como o túnel da rúa Coruña<sup>29</sup>, construído e “tapado” durante o tripartito BNG-CDI-PSOE.

A renuncia de Manuel Andrade, que se produciu na mesma noite electoral tras coñecer a maioría absoluta do BNG, deixa orfo o proxecto de TEGA en Carballo. De todos os xeitos, Andrade segue ocupando responsabilidades orgánicas, aínda que o proxecto reséntese sen a súa presenza na corporación. Desta forma, podería estar máis próxima unha futura “reunificación” da dereita, toda vez que o PP local tamén se atopa sumido nunha profunda crise e división interna, o que facilitaría o ascenso dun novo liderado.

É moi destacable que nas últimas eleccións municipais, nas que o censo só baixou en 15 persoas respecto ao 2011, votaran 1.808 electores menos que catro anos antes. Esta importante bolsa de abstencionistas decantou a balanza a favor da maioría absoluta do BNG, que sumou o concelleiro que precisaba a pesar de perder 300 votos. Se tamén temos en conta a grave caída experimentada polo PP, podemos deducir que eses abstencionistas se achegan máis ao espectro ideolóxico deste centro-dereita.

---

<sup>27</sup> Despois de deixar a política en 2003, tras a súa polémica coa dirección local do PP, Bello Pallas regresou ás listas no 2015 como número 2 de Terra Galega, no medio dunha peculiar campaña propia co lema “Volve Pallas” (Ver “*Volve Pallas, el feísmo nunca se ausentó*”. La Voz de Galicia, 13-5-15).

<sup>28</sup> O pavillón da Grela, inaugurado a mediados dos anos 80, construíuse nunha zona marxinal do Concello. A pesar de que se utilizou durante dous decenios, hoxe está practicamente en ruínas e xa non funciona como instalación municipal. Atribúeselle a Andrade a “paternidade” da construción, na que se investiron preto de 90 millóns de pesetas da época.

<sup>29</sup> O túnel, situado na céntrica rúa Coruña, comezou a construírse a finais de 2003 co obxecto de dar saída a un hipotético aparcamento soterrado que nunca se chegou a facer. Desta forma, hoxe en día queda un burato, sen entrada nin saída, no que se gastou preto de un millón de euros.

## **O futuro: a construción dunha nova alternativa**

Deste xeito, parece que a recuperación do centro dereita en Carballo pasa pola mencionada unificación e a construción dun novo liderado e unha alternativa de goberno forte a Evencio e o BNG, encabezada necesariamente por caras novas e apoiada polas bases, que consiga captar a esa decisiva bolsa de abstencionistas. Así o afirman os persoeiros entrevistados.

Manuel Varela, xogador e adestrador de fútbol durante moito tempo, recorre ao símil deportivo para analizar esta situación, na que responsabiliza a parte do PP local desta perda de apoios:

*"Se hai dous equipos moi bos, pero resulta que un é un pouco mellor que o outro, queda campión ese. Pero tamén pode ocorrer que se un club non ten bo equipo, pero resulta que o outro anda aínda peor, pois vai gañar tamén. Eu cheguei á alcaldía por mérito, pero tamén había demérito doutros grupos que se condenaban cada vez que saían nos medios. Pero se ti xeras confianza, estabilidade, participación, un equipo que xogue en todos os terreos e en todas as facetas, es difícil de bater.*

*Aí está o caso das últimas municipais. Se Evencio pide o voto para o PP, gaña Evencio. E se a candidatura do PP a fai Evencio, saca máis votos. Se non fas fronte, e se cambias á xente de posición, e fichas a xente que case non sabes quen é, pois págalo".*

Evencio Ferrero tamén recorre ao deporte para analizar a situación:

*"Ademais das virtudes que o noso grupo pode ter, tamén está o feito de que compites contra os demais. E os demais, en vez de irse reforzando e presentarlle ao electorado a mellor das alternativas, non o fixeron así. Nós analizamos moi en profundidade a realidade carballesa, e segundo as enquisas, os catro políticos que mellor valoración teñen en Carballo forman parte do BNG".*

Manuel Andrade vai máis alá e culpa aos populares de obstaculizar a construción dunha alternativa sólida:

*"O PP péchase hermeticamente a novas ideas e iniciativas de participación. Exclúen o debate interno, e a xente acábase enfadando. Así xurdiu o CDI en*

*Carballo, así xurdiu Ciudadanos en España. Eu intentei reconducir varias veces a situación, pero non queren".*

Agora, con Andrade retirado da primeira liña da política municipal desde maio de 2015, ábrese un novo escenario, debido á incógnita que xorde na sucesión do líder centrista. Cristina Abelleira ve así a situación do centro-dereita en Carballo de cara ao futuro:

*"(O de TEGA) é un electorado moi fiel, que haberá que ver como se comporta nas vindeiras eleccións, xa sen o seu líder natural (...). O PP non recuperará o terreo perdido mentres non sexa capaz de configurar unha opción sólida e fiable, cun líder que supere en carisma a Evencio Ferrero e que presente un proxecto serio para o Carballo do século XXI".*

#### **4.3.5. A acción de goberno do BNG**

Desde o mes de xuño de 2015, o BNG goberna por primeira vez con maioría absoluta en Carballo. Este logro foi a culminación do ascenso electoral do partido a nivel municipal, toda vez que en cada cita electoral ían acadando unha cota de poder cada vez maior. No 2003, con seis concelleiros, asinaron un goberno tripartito xunto a CDI e PSdeG. No 2007, co ascenso de 6 a 9 concelleiros, bastou con asinar un pacto co PSdeG, ao abeiro do bipartito da Xunta, para gobernar con maioría absoluta. No 2011, a perda de apoios levou ao voceiro do PSdeG e ata ese momento tenente de alcalde, José Antonio Viña, a non renovar o pacto co BNG, polo que o goberno encabezado por Evencio quedou por primeira vez en minoría.

Obsérvase, por tanto, un crecemento sostido no apoio dos cidadáns carballese á proposta do BNG desde a chegada á alcaldía. Ao mesmo tempo, case todos os socios de goberno dos nacionalistas foron castigados polo electorado. No 2007, o CDI perdeu máis de 400 votos e un concelleiro, e no 2011, o PSdeG perdeu 900 votos e dúas actas. A excepción foi a do PSdeG en 2007, que gañou un concelleiro respecto a 2003, aínda que o crecemento en número de votos foi moi pequeno (menos de 100). A este ascenso tamén se lle pode atribuír a dinámica positiva que o PSOE conseguiu coa chegada ao goberno central e á Xunta, en 2004 e 2005, respectivamente.

¿Cales son as razóns desta dinámica? As versións, como é de agardar, están enfrontadas. Fóra da perspectiva partidista, Cristina Abelleira aporta esta visión:

*"(Débese a) a proximidade do goberno, e sobre todo do alcalde, Evencio Ferrero, e do concelleiro Luis Lamas á poboación do medio rural, onde o BNG sempre*

*tivera os seus peores resultados e onde agora empeza a melloralos. Persoalmente creo que tamén é importante o feito de que a poboación perciba que o BNG non é, polo menos en Carballo, esa forza radical que “vendían” dende a dereita, que o Concello funciona con normalidade, que a política económica permite ter unhas arcas públicas moi saneadas, e que as portas da Alcaldía están sempre abertas, literalmente”.*

Queda claro que o BNG foi o partido que mellor aproveitou os dous gobernos de coalición. Ambos socios (CDI e PSOE) recoñecen que a habilidade do alcalde e os concelleiros do seu partido para atribuírse os logros acadados desde 2003 influíu na decisión dos electores.

Imos ver, mandato a mandato, as claves desta acción de goberno.

### **2003-2007**

O obxectivo fundamental dos tres partidos que conformaron a alternativa ao goberno do PP tras as eleccións de 2003 era evitar que Manuel Varela continuase na alcaldía. Así, no primeiro momento non houbo pacto entre BNG, CDI e PSOE. Pero a o acordo tardou pouco en chegar. O reparto das áreas de goberno foi, segundo os actores implicados, o primeiro momento clave para comprender os acontecementos que virían despois. Tanto CDI como PSOE sinalan que o BNG tivo “habilidade” para adxudicarse unhas determinadas áreas.

O BNG ocupouse de cultura, educación, normalización lingüística, servizos e mantemento, brigada de obras, alumeado, recollida de lixo, limpeza viaria, parques e xardíns, medio ambiente, turismo, xuventude, sanidade, servizos sociais, muller, deportes e emigración. O CDI quedaba con urbanismo, obras, desenvolvemento rural, industria, comercio, feiras e mercados, persoal, réxime interior, policía, tráfico, seguridade, protección civil, terceira idade, praias e socorrismo, e cemiterios. Pola súa parte, o PSOE facíase con facenda, contratación, patrimonio, participación veciñal, emprego e promoción económica<sup>30</sup>.

Así o lembra o alcalde, Evencio Ferrero:

*“Nós intentamos consolidar un novo goberno, e traballamos desde o primeiro momento, nun goberno formado por tres partidos pero no que había unha constante coordinación, e no que se demostrou que outra forma de gobernar era posible. Con esta premisa, a asignación de áreas foi moi sinxela”.*

Sobre esta distribución reflexiona José Antonio Viña:

---

<sup>30</sup> "La participación del CDI provoca una reestructuración de las áreas de gobierno". La Voz de Galicia, 2-7-2003.

*Neste punto, notouse moito a experiencia de Evencio na política. Desde o primeiro momento asumiron áreas de pouco risco na xestión municipal: servizos sociais, cultura, deporte.... Nestas áreas non tes problemas, a menos que non fagas nada, e accedes a colectivos moi importantes cos que podes tecer relacións. E por outra parte, asumiron mantemento e servizos, un área na que Luis Lamas e Andrade tiveron bastantes roces. Algunhas obras incluíanse dentro da área de mantemento, e igual se lle chamaba mantemento a facer un tramo de 200 metros de sumidoiros. E claro, Andrade vía como ás veces lle pisaban o traballo”.*

O propio Andrade confirma estes roces, que ilustra deste xeito:

*“Empezamos a ver cousas que non nos gustaban. Evencio politizou todo o traballo dos seus socios, tanto de nós coma do PSdeG. Parecía que todo o que se facía era grazas a eles, que nós non pintabamos nada. Lémbrome de anécdotas, coma o feito de visitar algunha obra nas parroquias, e que un veciño me diga: “Isto agora dá gusto, eu non lles votei pero nas seguintes votareille aos que están agora”. E eu preguntolle: “Pero a quen?”. E contéstame. “Aos do alcalde”.*

Esas atribucións de logros tamén as acabou percibindo Viña:

*“Nos gobernos de coalición, e sobre todo nos gobernos municipais, a xestión é moi personalista. Todo o que se faga ben, faino o alcalde. Ti falas coa xente pola rúa e todo o fai o alcalde. Salvo que se faga mal. A parte mala cáelle ao concelleiro de turno, sexa do mesmo partido ou non (...). Evencio tivo a habilidade suficiente para atraer para si os logros da xestión dos socios de goberno e colocalo na mochila como propio. Adóitase dicir nos últimos tempos que a área económica está moi ben xestionada. E a min dinme os técnicos do concello que non se volveu mover unha palla desde que eu fun concelleiro de Facenda (2003-2007)”.*

Ante as invasións de competencias e as atribucións de logros por parte do BNG ás que aluden os socios do goberno, Evencio Ferrero di:

*“No 2007 a xente decidiu continuar por outra vía de goberno e reforzou a parte máis leal, a do PSOE e do BNG. A sociedade non entendeu que nun goberno que funcionaba ben, un deses grupos non fora leal. E iso penalizounos a eles. E outros saímos premiados”.*

A pesar destas discrepancias, os socios de goberno do BNG non dubidan en recoñecer que a súa etapa foi moi satisfactoria para os intereses xerais do pobo. José Antonio Viña introduce a idea de que esta competitividade entre os diferentes grupos políticos do goberno redundou de xeito positivo en Carballo:

*“Eu penso, iso era malo para os carballese? Esa loita entre as partes do goberno era para facer máis cousas. E a parte había unha labor transversal de control, que facía eu, desde a xestión económica e de contratación. O que se lle pode achacar ao bipartito é que había ruído interno, pero habería que valorar a acción dese goberno polos seus resultados”.*

Destes resultados falan cada un dos líderes do tripartito. Manuel Andrade di:

*“Comezamos a traballar na elaboración do borrador do novo PXOM (...). Consequimos, por outra parte, que as parroquias recibisen un trato igualitario co casco urbano, superouse unha discriminación histórica (...). Puxéronse en marcha iniciativas como a travesía de Bértoa, a de Malpica, a estrada de Sísamo, etc., que trece anos despois seguen parados”.*

No eido económico, José Antonio Viña tamén destaca o acadado nese mandato:

*“A situación de partida era a dun concello saneado, pero con pouco músculo económico e administrativo (...). Recibo un presuposto prorrogado de once millóns de euros en xuño de 2003. Elaboramos e aprobamos o presuposto de 2003 por trece millóns o que nos permitiu recolocar o remanente . Propóñome como obxectivo organizar a fiscalidade e os pagos a provedores e controlar a execución orzamentaria (ingresos e gastos) e os procedementos de contratación. Todo isto era moi pouco vistoso pero fundamental para a proceso modernizador que se pretendía, e permitiu un subida paulatina do presuposto ata roldar os 20 millóns de euros”.*

O alcalde, Evencio Ferrero, tamén fai un balance positivo deste primeiro mandato en canto á xestión e a algúns dos proxectos que se sacaron adiante, como o PXOM.

*“Había unha relación moi fluída entre os tres líderes, tiñamos reunións periódicas, comparecíamos permanentemente en público os tres xuntos (...). A sociedade percibiunos como un goberno con capacidade de xestión e iniciativa, capaces de ilusionar, con honestidade (...). Recibimos a anulación do PXOM no ano 2003. Todos*

*os grupos actuamos ao unísono, de forma responsable, pensando de que iso debía estar por riba dos avatares políticos".*

Amáis dos avances que destacan os membros do goberno, houbo asuntos que centraron o debate entre o tripartito e a oposición. O tema principal das discrepancias foi a construción do mercado municipal e o aparcadoiro subterráneo. Deste proxecto só se executou o túnel da rúa Coruña, que estaba vinculado ao aparcadoiro soterrado do futuro mercado. Non en tanto, a falta de acordo para a execución da obra acabou deixando un burato, sen entrada nin saída, que aínda hoxe persiste baixo a rúa Coruña. O entón voceiro do PSOE, José Antonio Viña, apunta esta obra como o erro máis grande desta etapa:

*“Os erros están moi relacionados con propostas excesivamente ambiciosas como a demolición do mercado municipal e construción dun novo sobredimensionado, unido a un aparcamento e circulación soterrada, claramente innecesaria (...). Ademais quedou o túnel da rúa Coruña, o máis gordo dos erros. Foi a decisión máis difícil das que tomei na miña vida política. A alternativa era a ruptura do goberno. Visto a día de hoxe, ao mellor eu lanzaba o órdago e rompíao. Pero eran os primeiros días, e en aras da estabilidade aceptei”.*

O exalcalde Manuel Varela ve esta obra como unha peaxe que tiveron que afrontar BNG e PSOE a cambio do apoio de Andrade na investidura.

*“Di Andrade, eu quero ganar X, e dábanlle o que quixera. Di: «eu quero facer un túnel na rúa Coruña». Pois faino, díxeronlle. Eu fágome unha pregunta indiscreta: se eu fixera o túnel da rúa Coruña sendo alcalde, que pasaría? Se eu enterro aí máis de 100 millóns de pesetas, nunha obra que non ten expectativas de futuro. Se fora eu o que promovera esa obra, que ocorrería? Que todos os sábados habería cacerolada diante do concello. Iso téño clarísimo. Tería peticións de dimisión todos os días”.*

Como é lóxico, Manuel Andrade defende a viabilidade da súa aposta:

*“Non tivemos tanto éxito na reforma do edificio do mercado, que se enmarcaba dentro dun proxecto moi importante para potenciar a feira. Construíuse o túnel para dar saída a un aparcamento subterráneo que non saíu adiante pola oposición do PP e as presións sobre o alcalde por parte dalgúns sectores do BNG, así que quedou así. O que debería ser un mercado que potenciaría a actividade económica e comercial de Carballo, quedou nun proxecto disfuncional e reducido”.*

Mediada esta etapa, as tensións no seo do tripartito provocaron unha ruptura do pacto de goberno en setembro de 2005 por parte do CDI. Chegouse a valorar, como xa se comentou neste traballo, a posibilidade de presentar unha moción de censura. La Voz de Galicia contábo así:

*Andrade señaló que han perdido la confianza en el BNG por «una serie de comportamientos viciados», por faltar a los pactos, por excesivo protagonismo, asunción de competencias propias del CDI, gasto excesivo en algunas áreas, falta de operatividad, desgobierno y actuar «como si se les hubiese subido el poder a la cabeza». Del PSOE, sin embargo, opina que son «uns cabaleiros».*

*El portavoz centrista, que es además primer teniente de alcalde con áreas tan destacadas como Urbanismo y Obras, asegura que los problemas vienen de hace meses, «y en muchas ocasiones se los hemos advertido sin que fueran corregidos», aguantando «todo lo posible» por respeto a los que depositaron en ellos el voto «y por la gobernabilidad del municipio».<sup>31</sup>*

A lóxica política indicaba, por tanto, que, ou ben o alcalde relevase das súas funcións de goberno, ou que estes abandonaran as súas responsabilidades. Tras unha semana de negociacións en todas as direccións, a crise remitiu tras un comunicado emitido pola alcaldía o 14 de setembro, despois dunha reunión entre os voceiros do tripartito, na que Evencio Ferrero recoñecía “invasión de competencias” en áreas con proximidade de actuación entre as forzas políticas. Nomeadamente, aludiuse tamén naquel momento ás friccións existentes entre as áreas de Obras e Servizos (CDI) e Mantemento (BNG). Finalmente, o 22 de setembro, o comité executivo do CDI decidiu manter o pacto ata o final do mandato e descartar a moción de censura<sup>32</sup>. De aí ata os comicios de maio de 2007, a acción de goberno desenvolveuse con cordialidade, a parte das habituais proclamas preelectorais.

A xornalista Cristina Abelleira afonda nalgunha das posibles causas que reforzaron a alternativa de goberno do BNG neste mandato:

*“Malia a perda de votos respecto do 1999, a posibilidade de gobernar e de facelo ademais dende a alcaldía foi crucial para esa consolidación do BNG como opción de goberno: o PSOE practicamente desapareceu á sombra do BNG, e a Manuel*

---

<sup>31</sup> "Los independientes abren la puerta a una moción de censura en Carballo". La Voz de Galicia. 9-9-2005

<sup>32</sup> "El CDI zanja la crisis y mantiene el pacto de gobierno con BNG y PSOE". La Voz de Galicia. 23-9-2005

*Andrade tamén lle pasou factura entre o seu electorado o feito de pactar 'coas esquerdas'".*

Así, os carballese foron chamados de novo ás urnas en maio de 2007.

## **2007-2011**

O 27 de maio de 2007 os electores carballese tiñan que valorar a experiencia do goberno tripartito. Nun contexto favorable para a esquerda (O PSOE gobernaba no Estado e o bipartito PSOE-BNG dirixía a Xunta de Galicia) as formacións políticas de Carballo estableceron estratexias de campaña confrontadas.

Por unha banda, BNG e PSOE apelaron a un discurso positivo e cordial, subliñando os puntos de acordo e colaboración do tripartito. Enfronte, Terra Galega (a nova marca do partido de Andrade), desmarcouse dos seus socios de goberno con unha estratexia de ataque, enfocada nomeadamente contra o BNG<sup>33</sup>.

O PP, desde o punto de partida da oposición, presentou unha emenda á totalidade da acción do tripartito, erixíndose como alternativa.

Os resultados electorais deixaron, por primeira vez na historia da democracia municipal en Carballo, unha maioría de esquerdas. O gran ascenso do BNG e a consecución da terceira acta por parte do PSOE aseguraba un goberno bipartito que se materializou apenas un mes despois da investidura, ao abeiro dun acordo marco para a gobernabilidade municipal asinado polos dous partidos a nivel galego.

O reparto das áreas deixaba ao BNG a cargo de Cultura, Normalización Lingüística, Obras e Servizos, Benestar, Promoción Económica, Emigración e Terceira Idade, Xestión Municipal, Educación, Deportes e Xuventude. Pola súa parte, o PSOE xestionou Urbanismo, Medio Ambiente, Saneamento e Abastecemento de Augas, Contratación, Facenda, Patrimonio, Emprego e Participación Cidadá.

Tanto os entrevistados como as informacións xornalísticas da etapa 2007-2011 coinciden en sinalar que este foi un mandato de relativa normalidade e cordialidade. Ao mesmo tempo, xorde unha progresiva polarización na correlación de forzas durante o mandato, que anticipou en parte os resultados de maio de 2011. No lado do goberno, co BNG reforzado despois do seu gran ascenso en 2007 e o desgaste do PSOE debido á crise económica e ao descrédito sufrido polo goberno de Zapatero. Na oposición, o PP recuperou a iniciativa. Terra Galega era

---

<sup>33</sup> *"Andrade convierte al BNG en su único rival y centro de críticas"*. La Voz de Galicia. 21-5-2007

corresponsable dalgunhas das accións do goberno municipal entre 2003 e o 2007, o que se traducía na dificultade de establecer unha crítica firme á acción de BNG e PSOE. Do mesmo xeito, a recuperación do goberno da Xunta en 2009 e as crecentes expectativas para as eleccións xerais que se acabarían celebrando en novembro de 2011 impulsaron a construción da alternativa do PP.

Cristina Abelleira aporta tamén a súa lectura dos resultados do ano 2007:

*“Cando chegou a hora de votar no 2007, o BNG soubo sacar rendibilidade e conseguir os concelleiros suficientes para poder gobernar co PSOE, sen necesidade de Andrade, que condicionaba moito a política municipal dado que ocupaba áreas tan apetecibles coma obras ou urbanismo en pleno bum da construción. Os catro anos seguintes con Terra Galega sen poder facer demasiada oposición porque moitas das decisións do goberno apoiáraas cando formaba parte del, e o PSOE plenamente ‘integrado’ no equipo do BNG, os nacionalistas seguiron medrando e rendibilizando o goberno”.*

Así resume José Antonio Viña esta etapa de goberno bipartito:

*“Foi o período do desenvolvemento do PXOM do 2003 e dos traballos de elaboración do novo PXOM. Dos grandes proxectos de saneamento de Ardaña, Razo e Baldaio, da xestión, creo que acertada, dos dous plans E , entre outros asuntos. Un mandato fructífero para Carballo e para o BNG. A nosa lealdade no goberno e a proxección dunha imaxe de unidade de acción deu como resultado unha caída importante na nosa representación no 2011 e finalmente a miña renuncia a volver a presentarme”.*

A decisión de Viña prodúcese a raíz dos resultados das municipais de 2011. A pesar de levar a cabo un traballo de oito anos no goberno, sen erros de vulto, cunha relación cordial, leal e proveitosa co BNG e un traballo eficiente de xestión, recoñecido por goberno e incluso pola oposición, o PSOE perdeu 900 votos, case o 50 por cento dos apoios respecto a 2007. Parece clara aquí a *estatalización* do voto municipal, toda vez que os apoios ao PSOE estaban en claro retroceso tanto en Galicia como en España. O exvoceiro socialista introduce máis factores neste retroceso.

*“Creo que nos pasou factura o feito de non ter unha estrutura orgánica a nivel local que soubera contar e explicarlle aos veciños o traballo que faciamos desde dentro do goberno. Estabamos tan centrados na xestión local, levando áreas como*

*Facenda primeiro e Urbanismo despois, que nos faltaba tempo para desenvolver a acción política de amosar a nosa xestión. Teño pillado algún cabreo ao falar con simpatizantes dalgunha parroquia, porque eles non lle contaban aos seus veciños que determinada obra ou determinado servizo fora feito polo PSOE” .*

Viña evidencia a súa argumentación con asuntos como a xestión económica, na que el acometeu unha importante reforma a partir de 2003. Con isto, aproveita para lanzar un pequeno dardo ao goberno actual do BNG.

*“Recibo un presuposto prorrogado de once millóns de euros en xuño de 2003. Elaboramos e aprobamos o presuposto de 2003 por trece millóns o que nos permitiu recolocar o remanente . Propoño como obxectivo organizar a fiscalidade e os pagos a provedores e controlar a execución orzamentaria (ingresos e gastos) e os procedementos de contratación. Todo isto era moi pouco vistoso pero fundamental para a proceso modernizador que se pretendía. Isto permitiu un subida paulatina do presuposto ata roldar os 20 millóns de euros (...).O alcalde tivo a habilidade suficiente para atraer para si os logros da xestión dos socios de goberno e colocalo na mochila como propio. Adóitase dicir nos últimos tempos que a área económica está moi ben xestionada. E a min dinme os técnicos que non se volveu mover unha palla desde o 2007, cando eu fun concelleiro de Facenda”.*

Pola contra, o BNG soubo sacar proveito da súa acción á fronte do goberno e seguiu a súa escalada. Aos habituais resultados do casco urbano, onde xa se viña impondo ao PP desde os anos 90, a fronte experimenta un grande avance no rural, sobre todo en 2007. Evencio Ferrero ve este avance como unha consecuencia directa do recoñecemento veciñal á acción do seu goberno:

*"Gañamos con solvencia desde hai tempo no casco urbano, pero esa consolidación do voto das parroquias era necesaria para gobernar. Cando o listón está moi arriba é máis difícil saltalo, pero se partes dunha desvantaxe, é máis fácil medrar. O conxunto da sociedade foi vendo o traballo que se estaba a facer, con honestidade, intentando mellorar Carballo e facendo do pobo un bo lugar para vivir”.*

Respecto deste avance do BNG nas parroquias, Viña abre a porta a outros motivos, non tan vinculados ao traballo e á propia acción de goberno, senón a outras 'tradicións' propias da política galega:

*"O exercicio do poder durante doce anos xera adhesións, buscadas ou non. Non quero falar de clientelismo, pero algún tipo de contraprestación vaise creando. Iso non só o sabe facer o PP. A rutina do poder leva a que haxa moita xente que recibiu determinados servizos que lle parece que outro non llos ía dar, e así vese nunha especie de obriga moral de votar ao BNG nas municipais, aínda que noutras contendas electorais opten por outros partidos".*

O exalcalde Manuel Varela non chega a poñer sobre a mesa a existencia dunha rede de favores, senón que opta por sinalar que o BNG experimentou un proceso de moderación que deixou atrás algúns aspectos que podían restarlle votos entre o electorado máis conservador:

*"O BNG esta fuxindo das siglas, nóbrase a Evencio, pero non ao partido. E hai unha moderación enorme desde que chegaron á alcaldía. Xa dicía Evencio que aprendera máis en 20 días de alcalde que en 24 anos de oposición. Pero tamén hai que ter coherencia. Non se poden cambiar os postulados por entrar ao goberno".*

E continúa o exalcalde popular con un exemplo do que, ao seu xuízo, representa ese cambio de actitude unha vez que se alcanza o poder. É o caso do debate sobre a gratuidade da autovía A Coruña-Carballo, no que o BNG encabezou numerosas manifestacións solicitando a retirada da peaxe:

*"Lembro que houbo seis anos unha pancarta na praza do Concello pedindo a autovía gratuíta, pero cando comezou a gobernar o bipartito na Xunta e o BNG en Carballo, a pancarta quitouse. Eu pensaba: 'deixádea aí, que tampouco pasa nada'".*

Sobre isto, o actual alcalde carballés recoñece a existencia desa bolsa de electores que emiten un voto dual entre PP e BNG dependendo dos comicios que se celebren:

*"Nós temos detectado que hai unha porcentaxe moi alta de votantes do PP noutras eleccións que nas municipais votan de maneira moi fiel ao BNG. Iso foi o que nos deu a maioría absoluta (...)Terían que ser os veciños de Carballo os que dixeran por*

*que apostan polo BNG para xestionar o Concello e por que apostan por outros partidos para a Xunta ou para o Goberno Central".*

## **2011-2015**

Como xa se explicou nalgunha ocasión ao longo do presente traballo, o panorama das eleccións municipais de 2011 amosa unha volta á polarización existente antes da irrupción do CDI en 2003. O BNG queda ao borde da maioría absoluta, con 10 concelleiros, e o PP pasa de 6 a 8 actas, recuperando case 1.500 votos e conseguindo unha simbólica vitoria na zona rural, aínda que o avance do BNG no casco urbano permítelle manter unha vantaxe suficiente para gobernar.

O contexto estatal e autonómico mudara de xeito significativo respecto a 2007. A crise económica feriu gravemente a credibilidade do PSOE, e o PP de Feijoo recuperara o goberno da Xunta despois de catro anos de bipartito.

Nas eleccións do 22 de maio de 2011, o BNG soubo reter os apoios acadados en 2007 e valeuse do retroceso do PSOE para conseguir o seu mellor resultado histórico, mentres que os socialistas caeron de 3 representantes a só 1.

O PP semella que volve estar en posición de consolidar a alternativa ao BNG da man de Alberto Sueiro, que asumira a portavocía en 2005 e foi candidato en 2007 e 2011. O propio Manuel Varela reconece que o novo candidato podería ter opcións de acadar a alcaldía, pero as circunstancias non se deron:

*"Tivemos mala sorte. Porque Alberto (Sueiro) tería sido un gran alcalde, En 2007 sopraba o vento en contra do bipartito e de Zapatero, e no 2011 sacou un resultado estupendo, aínda que non nos chegou"*

Porén, Sueiro presentou a súa renuncia como voceiro municipal en outubro de 2013 por motivos persoais.<sup>34</sup> A súa marcha provoca un debate interno a nivel local que queda resolto por Carlos Negreira e Diego Calvo, responsables do PP provincial designando a Miguel Ferreiro como novo portavoz e previsible candidato á alcaldía en 2015. Esta decisión non foi ben acollida por parte da militancia, que acaba desembocando no descenso electoral que se produce en maio do pasado ano.

---

<sup>34</sup> *"Miguel Ferreiro toma el relevo de Sueiro al frente del PP carballés". La Voz de Galicia. 9-10-13.*

Pola súa parte, o voceiro municipal do PSOE, José Antonio Viña, tamén manifestou a súa intención de non repetir como candidato. Así, co goberno do BNG en minoría, o líder de TEGA, Manuel Andrade, tomou a iniciativa da oposición,

Gobernando en minoría a raíz de que o PSOE decidise non reeditar o pacto de 2003 e 2007, o BNG continuou durante o terceiro mandato con varios proxectos de transformación urbana e rural que comezara nos mandatos anteriores. Baixo o lema "Carballo, un bo lugar para vivir", os nacionalistas acometeron reformas de peonalización no centro urbano, remataron o novo sistema de captación e abastecemento de auga, ao mesmo tempo que se presumía dunha economía saneada e se mantiña unha oferta cultural de referencia na provincia.

Fronte a isto, o executivo local tivo dificultades para sacar adiante o novo contrato de xestión da auga debido á oposición de PSOE, TEGA e PP. Do mesmo xeito, populares e centristas impulsaron nos meses previos ás eleccións movementos de protesta contra o cobro do recibo do lixo as vivendas baleiras, os supostos danos que a peonalización causaría no comercio e o abandono do rural. Así o conta Cristina Abelleira:

*"Tanto o PP coma Terra Galega basearon (e seguen a facelo) a súa estratexia no suposto abandono da zona rural, e conseguiron que calase nun sector da sociedade que equipara progreso con asfalto. Tamén intentaron utilizar cuestións como o recibo do lixo, por exemplo, como armas ao seu favor, pero este tipo de polémicas só funcionan durante as campañas e despois, agás excepcións, dilúense. En canto ao BNG, as súas mensaxes máis claras foron que Carballo é un bo lugar para vivir e que o Concello goza dunha excelente saúde económica, fundamentalmente, dous aspectos que ningún dos grupos da oposición, por outra banda, intentou desmontar".*

Neste contexto chegábase ás eleccións do 2015. O BNG aspiraba a rachar coa tendencia, mantida desde a Transición, pola cal os gobernos municipais en Carballo duraban 12 anos. As enquisas previas, xa mencionadas, apuntaban á maioría absoluta. A xestión do goberno local era bastante ben considerada, toda vez que áreas como a limpeza da vía pública, as instalacións culturais e deportivas e as prazas, parques e xardíns superaban o 6 de valoración.<sup>35</sup> Ademais, a valoración do goberno era dun 5,35 fronte a un 3,88 da oposición. Por outra banda, o importante retroceso sufrido polo Partido Popular a nivel xeral desde 2011,

---

<sup>35</sup> Enquisa de Sondaxe, abril de 2015.

unido á división no seo da agrupación local, adiantaba un resultado peor que catro anos atrás. Quedaba a incógnita de saber cal ían ser os resultados de PSOE e TEGA.

O aumento da abstención e o retroceso do PP permitíronlle ao BNG culminar o seu ascenso coa consecución da maioría absoluta. Ao mesmo tempo, rachouse por primeira vez coa tendencia dos gobernos municipais de 12 anos, estendendo o período de goberno, salvo circunstancias excepcionais, ata o 2019.

O mesmo día das eleccións municipais, abriuse unha dobre crise no centro-dereita sufriu unha dobre crise. Por un lado, coa renuncia de Manuel Andrade ao fronte de TEGA. E por outra banda, coa dimisión extraoficial do candidato do PP, Miguel Ferreiro, na mesma noite electoral. Non en tanto, as presións dentro do partido obrigaron a Ferreiro a dar marcha atrás e a continuar á fronte de forma interina ata que se escolla a un novo líder local.

Pola súa parte, o PSdeG abriu unha nova etapa con Mari Carmen Vila á fronte, pero as divisións locais, autonómicas e estatais fan difícil a conformación da alternativa ao BNG no centro-esquerda.

Aquí remata o esbozo do panorama político municipal en Carballo. Con toda esta exposición, fomos quen de extraer as conclusións que expoñemos a continuación.

## 5. CONCLUSIONES

Antes de establecer as conclusións do estudo, cremos necesario dicir que ao comezar este traballo marcámonos como obxectivo atopar as claves que puidesen explicar cómo o BNG de Carballo conseguiu, desde a súa entrada ao goberno en 2003, incrementar o seu apoio electoral en cada mandato. Somos conscientes de que a magnitude deste estudo non pode detectar todas e cada unha das variables que influíron neste proceso, pero si que pode quedar trazado un camiño no que máis adiante se podería profundar.

Deste xeito, imos centrar as nosas conclusións en responder ás hipóteses que nós consideramos primordiais para explicar o éxito electoral do BNG en Carballo:

- Influíron os *cleavage* do nacionalismo e esquerda-dereita no éxito do BNG en Carballo?
- Foi a división do centro-dereita clave para o éxito electoral do BNG en Carballo?
- É a figura de Evencio Ferrero un motivo fundamental para o éxito do BNG en Carballo?
- Conseguiu o BNG capitalizar os éxitos dos gobernos de coalición con CDI e PSOE?

Imos, por tanto, a responder cada unha destas cuestións.

### **A importancia do *cleavage* nacionalista e do eixo esquerda-dereita**

É un feito que os resultados das formacións nacionalistas en Carballo nos comicios municipais sempre foron sensiblemente mellores que no resto de Galicia. Non en tanto, cremos que as razóns hai que buscalas non tanto nunha maior implantación dunha tendencia política, senón na existencia dunha "cara amable" adscrita a estas siglas (Evencio Ferrero e o seu grupo de traballo). Neste estudo, tanto as respostas dos actores entrevistados como os datos que aportamos, e que se poden consultar no anexo documental, amosan que os electores carballese apoian co seu voto aquelas opcións que consideran máis fiables en cada contenda electoral.

Dun ou doutro xeito, é unha decisión vinculada ao modelo da elección racional de Downs, que confirma o propio Evencio Ferrero cando di que teñen detectado "votantes do PP noutras eleccións que nas municipais votan de maneira moi fiel ao BNG". Ben é certo que, cun goberno municipal nacionalista, xéranse inercias que fan máis visible o discurso nacional do BNG na sociedade carballese. Estas inercias levaron, de feito, a éxitos puntuais, como no caso das autonómicas do 2005, no que o BNG se impuxo ao PP no casco urbano e foi segunda

forza no conxunto do municipio, por diante do PSdeG. Non en tanto, o resto de resultados dos comicios galegos e estatais, sobre todo nos últimos seis anos, botan por terra a existencia dunha tendencia sostida no tempo. Os resultados das últimas eleccións xerais, nas que o BNG foi superado por En Marea e mesmo Ciudadanos, poucos meses despois de conseguir a maioría absoluta no pleno municipal, refutan claramente esta idea.

Respecto ao *cleavage* esquerda-dereita, os datos recollidos nesta investigación condúcennos á conclusión de que a debilidade orgánica e as crises cíclicas do PSdeG-PSOE en Carballo permitiu que o BNG se apoderase do espazo de centro-esquerda a nivel municipal. Tal e como apuntou o exvoceiro socialista José Antonio Viña, o compoñente nacionalista perde importancia no eido municipal. Así, cando o elector carballés de centro-esquerda ten que decidir entre BNG e PSOE nuns comicios municipais, opta por un proxecto local de longo percorrido e cunha liña clara de actuación, como o do BNG, no canto da alternativa do PSOE. Aquí tamén inflúe, como destacan os actores entrevistados, a carencia dun programa municipal da formación socialista.

Neste apartado de conclusións, non podemos obviar a fenda entre o voto urbano e rural que expuxemos no estudo de caso. Vimos que BNG e PSOE obtiñan mellores resultados no casco urbano, mentres que PP e TEGA (e antes CDI) recibían máis apoios nas parroquias. A progresiva *urbanización* do electorado carballés e a consecuenta perda de importancia do voto rural, unida ao avance do BNG nas parroquias desde o seu acceso ao goberno, péchalle ao centro-dereita o acceso a unha bolsa de votantes que é determinante na construción dunha alternativa de goberno.

### **A división do centro-dereita**

A aparición do CDI de Manuel Andrade en 2003 é, sen dúbida, unha das claves para o éxito do BNG en Carballo. Todos os actores coinciden en que a irrupción deste partido mudou por completo o escenario político carballés, e cren que a situación hoxe en día sería moi distinta de non ter aparecido.

O certo é que un enfrontamento a nivel persoal entre Varela e Andrade, e que se infiltrou a través dos seus respectivos simpatizantes, levou por diante a lóxica dunha hipotética coalición que tería 13 dos 21 concelleiros da corporación.

O paso do PP á oposición trouxo consigo a desintegración do equipo de goberno e da rede de colaboradores que se fora construíndo durante os doce anos de maioría absoluta de Manuel

Varela. As divisións no seo do partido acabaron por botar por terra a construción dunha alternativa que intentou liderar Alberto Sueiro. A renuncia deste último e o controvertido liderado de Miguel Ferreiro, moi cuestionado por unha importante parte da militancia local, obrigan ao PP a reconstruír desde a base un novo proxecto que poida confrontar a hexemonía do BNG e recuperar ese electorado que, como reconece o propio Evencio Ferrero, vota PP sempre, agás nas municipais.

Respecto a TEGA, a marcha de Manuel Andrade compromete seriamente o futuro do proxecto, toda vez que a rede que permitiu o éxito do CDI en 2003 era dependente dun líder que agora xa non está. A vontade de reunificación co PP que expón Andrade depende, en gran medida, da 'refundación' dos populares a nivel local.

### **O liderado de Evencio Ferrero**

Cando un candidato está presente na corporación municipal desde o ano 1979 pode deberse a dúas razóns: que non haxa ninguén que dé o paso para tomar o relevo ou, por outra banda, que este candidato sexa o idóneo para ese cometido. O caso de Evencio Ferrero parécese máis ao segundo dos motivos, toda vez que o recoñecemento da sociedade carballesa cara a súa figura sexa maioritario.

Ao longo da súa traxectoria, Ferrero soubo modular a súa imaxe pública en funcións das circunstancias. El mesmo reconece, nas súas propias palabras, que "se aprende máis en vinte días de alcalde que en vinte e catro anos de oposición". Recoñécese, por tanto, de maneira tácita, unha 'adaptación ao medio' que cada actor político ve dunha determinada maneira. Onde PP e TEGA ven 'incoherencia', o BNG utiliza a palabra 'cercanía'. Iso explica, en parte, o fiel apoio que a formación nacionalista soubo captar nunha parte do electorado que tende a outro espectro ideolóxico.

Non hai que esquecer que a participación do alcalde e o respaldo de parte do goberno municipal a determinadas celebracións relixiosas como o San Xoán e a Semana Santa ou da Virxe do Pilar, patroa da Garda Civil, suscita críticas entre algúns sectores do propio BNG.

Hai que apuntar tamén que a chegada de Evencio á alcaldía prodúcese no que probablemente foi o seu momento máis delicado, toda vez que o partido sufriu un importante retroceso do 1999 ao 2003. Naquel momento, de non ter accedido á alcaldía, abriríase un proceso de reflexión que podería conducir a un relevo á fronte da formación nacionalista, tal e como recoñecen os entrevistados.

Sexa como for, o certo é que desde a súa chegada ao goberno en 2003, o actual alcalde carballés soubo manter un equilibrio case que perfecto entre as siglas ás que representaba e a necesaria adaptación á realidade social e política de Carballo, sen que en ningún momento se vise en perigo real a súa continuidade á fronte do consistorio. De

Foron, ata o de agora, trece anos de *Pax Evenciana*<sup>36</sup>, unha denominación moi acaída utilizada en varias ocasións polo xornalista Xosé Ameixeiras, delegado de *La Voz de Galicia* en Carballo.

De todas formas, a importancia capital de Evencio Ferrero para o BNG carballés, e por extensión, para a política municipal, é innegable. Non en tanto, o enorme capital simbólico da súa figura obriga a poñer sobre a mesa, despois de moitos anos, o debate sobre a súa sucesión.

Os actores consultados sinalan que o fin da etapa de Evencio Ferrero podería facer brotar as discrepancias no seo do partido que ata o de agora se mantiveron a raia grazas á cohesión construída arredor do alcalde. O certo é que, en todo este tempo, non xurdiu ningún outro nome que puidera canto menos postularse para sucedelo.

### **A acción de goberno do BNG**

Como xa comentamos ao longo de traballo, o progresivo aumento do apoio electoral ao BNG en Carballo desde 2003 permitiulle ao partido ir 'despoxándose' dos apoios doutros partidos que lle permitisen consolidar o seu goberno. Dun tripartito transversal con CDI e PSOE pasouse a un bipartito máis 'natural' co PSOE. Posteriormente, deuse o paso a un goberno en minoría previo á consecución da maioría absoluta. Foi, como vemos, unha traxectoria ascendente, sen ningún retroceso; tan harmónica que podería semellar que feita a medida.

Durante os gobernos de coalición, desde o BNG intentouse transmitir de cara o exterior unha imaxe de cooperación, diálogo e traballo en común entre os membros do executivo. Porén, a visión dos socios dos nacionalistas deixa entrever certas críticas á capitalización dos éxitos por parte do BNG. As disputas entre áreas acontecidas no mandato 2003-2007, especialmente no ámbito das obras e servizos (CDI vs BNG) e o traballo transversal de control e xestión económica realizado polo PSOE, que este partido non soubo proxectar cara o seu electorado foron aproveitadas polo BNG para mellorar os seus resultados. Fronte á actitude crítica do CDI, que flirteou coa moción de censura e aireou as discrepancias no seo do goberno, o

---

<sup>36</sup> "*Pax Evenciana*" La Voz de Galicia. 30-11-14.

gobierno local decidiu, polo menos de portas cara a fora, antepoñer unha imaxe pública de estabilidade e cooperación.

Nun primeiro momento, en 2007, os nacionalistas conseguiron liberarse do condicionante de TEGA grazas ao seu avance na zona rural, no que xogou un papel importante os traballos da área de servizos liderada polo concelleiro Luis Lamas. Ao mesmo tempo, a asunción de áreas relacionadas coa cultura e os servizos sociais permitiron tecer unha rede de apoios que tamén se acabou facendo evidente nas urnas.

En segunda instancia, o descrédito que sufriu o PSOE entre 2009 e 2011 a nivel xeral, no marco da crise económica, e a pouca proxección pública que a organización socialista local lle deu ao traballo de xestión de José Antonio Viña, provocou unha grave perda de apoios que lle permitiron ao BNG sumar unha nova acta, ao mesmo tempo que Viña renunciaba a reeditar o pacto.

A culminación deste proceso aconteceu en maio de 2015, cunha maioría absoluta cimentada na exposición dun proxecto de goberno municipal claro e con percorrido. Ao mesmo tempo, a oposición, débil e sen liderado, non soubo activar a unha crecente bolsa de abstencionistas.

| <b>CONCLUSIÓNS</b>                                       |  |
|--|--|
| <b>O <i>cleavage</i> nacionalista e esquerda-dereita</b> | <ul style="list-style-type: none"> <li>- O BNG é a alternativa forte de esquerdas en Carballo</li> <li>- Debilidade orgánica do PSOE</li> <li>- A <i>urbanización</i> de Carballo contribúe ao avance do voto á esquerda, que gaña no casco urbano</li> <li>- O nacionalismo non ten unha implantación significativamente maior en Carballo que no resto de Galicia</li> </ul>       |
| <b>A división do centro-dereita</b>                      | <ul style="list-style-type: none"> <li>- A irrupción do CDI en 2003 modificou totalmente o taboleiro político na vila</li> <li>- O PP non conseguiu recuperarse e construír un liderado renovado e forte</li> <li>- O proxecto de TEGA ten pouco futuro tras a marcha de Andrade</li> <li>- Unha parte do electorado potencial do PP vota ao BNG ante a falta de liderado</li> </ul> |

|   |   |
|---|---|
| <p><b>O liderado de Evencio Ferrero</b></p> | <ul style="list-style-type: none"> <li>- A súa figura é fundamental para o éxito do BNG</li> <li>- A súa sucesión pode abrir fendas que poñan en perigo o éxito electoral do BNG en Carballo</li> <li>- Ofrece unha imaxe de proximidade, moderación e honestidade ao conxunto da cidadanía carballesa</li> </ul>   |
| <p><b>A acción de goberno do BNG</b></p>    | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Saíu gañador nos conflitos de competencias nos gobernos de coalición</li> <li>- Transmitiu unha imaxe de unidade e cooperación que foi premiada polos electores</li> <li>- O reparto de áreas permitiulle acceder a unha base electoral nova que tamén conquistou</li> <li>- Ofreceu un proxecto claro de cidade e de goberno</li> </ul> |

## 6. BIBLIOGRAFÍA E FONTES DOCUMENTAIS

- Albi, E., González-Páramo, J.L., López Casasnovas, G. (1997). *Gestión pública: fundamentos, técnicas y casos*. Barcelona, Ariel.
- Asensio Romero, P. (2008). *Márketing municipal*. Madrid, Díaz de Santos.
- Barreiro Rivas, X.L. (2003). «Da UPG ao BNG: o proceso organizativo do nacionalismo galego». En: Rivera Otero, X.M. (ed.). *Os partidos políticos en Galicia*. Vigo: Xerais, pp. 101-261.
- Campillo Alhama, C. (2010). *Comunicación pública y administración municipal. Una propuesta de modelo estructural*. Pensar la Publicidad, IV, nº 1, pp. 45-62.
- Campillo Alhama, C. (2012): *Investigación en comunicación municipal: estudios y aportaciones académicas*. Vivat Academia. Nº 117E, pp. 301-323.
- Capó Giol, J. (1991). *Elecciones municipales, pero no locales*. Madrid, Revista Española de Investigaciones Sociológicas, 56, pp. 143-164
- Cervera, A. *La gestión del márketing en la administración pública local*. Revista de dirección, organización y administración de empresas, nº 21, pp. 113-124.
- Colectivo Máis Alá (2002). *Conversas con Evencio Ferrero*.
- Gómez-Reino, M. (2009). *El nacionalismo minoritario, de la marginalidad al gobierno: la trayectoria del Bloque Nacionalista Galego (1982-2007)*. Madrid. Papers 92, pp. 119-142.
- Fraga Rodríguez, X.M. (1999). *Crónicas de Carballo (parte 1)*. Carballo, A.C. Lumieira.
- Fraga Rodríguez, X.M. (2004). *Crónicas de Carballo (parte 2)*. Carballo, A.C. Lumieira.
- Fraga Rodríguez, X.M. (2006). *Crónicas de Carballo (parte 3)*. Carballo, A.C. Lumieira.
- Herrero, C. (ed); Römer, M. (coord.) (2014). *Comunicación en campaña*. Madrid, Pearson.
- Kuschick Ramos, M. (2004). *Teorías del Comportamiento Electoral y algunas de sus aplicaciones*. México D.F. Revista Mexicana de Ciencias Políticas y Sociales, vol. XLVI, núm. 190, enero-abril, 2004, pp. 47-72.

Márquez Cruz, G. (2004). *Las elecciones locales y provinciales en Galicia (1979-2004). I. Comportamiento electoral y continuidad/renovación de las autoridades locales*. Santiago de Compostela, Revista de Investigaciones Políticas y Sociológicas (RIPS), vol. 3, nº 2 (2004): pp. 111-133

Oriol Costa, P. (ed) (2008). *Cómo ganar unas elecciones*. Barcelona, Paidós.

Ruiz Seisdedos, S., Lagares Díez, M. N. (2013). *Crisis de las organizaciones y de la identificación partidista en las elecciones gallegas*. Actas del XI Congreso español de Ciencia Política y de la Administración.

Sanchís, J.L., Magaña, M., Sanmartín, A. (2009). *Ganar el poder*. Madrid, Síntesis.

---

## **FONTES DIXITAIS**

- Para a consulta das noticias referentes o estudo de caso:
  - [lavozealgalicia.es](http://lavozealgalicia.es)
  - [laopinioncoruna.es](http://laopinioncoruna.es)
  - [elidealgallego.com](http://elidealgallego.com)
  - [abc.es](http://abc.es)
  - [http://www.ivoox.com/podcast-elecciones-costa-da-morte-2015\\_sq\\_f1139109\\_1.html](http://www.ivoox.com/podcast-elecciones-costa-da-morte-2015_sq_f1139109_1.html) (Entrevistas e debates electorais en Radio Voz Bergantiños durante a campaña electoral de 2015)
- Para a consulta dos resultados electorais
  - [infoelectoral.mir.es](http://infoelectoral.mir.es) (Subsecretaría de Dirección General de Política Interior del Ministerio de Interior. Gobierno de España).
  - [resultados2012.xunta.es](http://resultados2012.xunta.es) (Xunta de Galicia).
- Para as enquisas preelectorais.
  - Sondaxe das eleccións municipais de maio de 2015. Municipio de Carballo. Disponible en <http://www.sondaxe.es/es/estudios/estudios-electorales/eleccionesmunicipales.html>

## **OUTRAS FONTES**

- Programas electorais de BNG, PP, TEGA e PSOE para as eleccións municipais de 2015 en Carballo.

## 7. ENTREVISTAS

- O día 5 de agosto de 2016 entrevistouse por vía telefónica a Manuel Andrade Cristóbal, político carballés presente na corporación entre 1979 e 1991 e de 2003 a 2015, ocupando ao longo destes anos responsabilidades como concelleiro do goberno e na oposición. Contactouse con el vía telefónica o día 4 de agosto para concertar unha data, pero non se lle enviou cuestionario previo.
- O día 11 de agosto de 2016 entrevistouse de forma presencial en Malpica de Bergantiños a José Antonio Viña Patiño, candidato á alcaldía do PSdeG-PSOE en 2003, 2007 e 2011 e tenente de alcalde entre 2003 e 2011. Enviouse un cuestionario vía correo electrónico o día 4 de agosto, que foi respondido o día 7, e posteriormente profundouse coa entrevista persoal.
- O día 23 de agosto de 2016 entrevistouse de forma presencial en Carballo a Evencio Ferrero Rodríguez, alcalde de Carballo desde 2003 e concelleiro da corporación desde 1979. Contactouse co seu secretario o 28 de xullo, pero debido ás vacacións do alcalde non foi posible realizala ata o 23 de agosto. Envióuselle un cuestionario previo o día 20 de agosto.
- O día 16 de agosto de 2016 entrevistouse de forma presencial en Carballo a Manuel Varela Rey, alcalde de Carballo entre 1991 e 2003. Tras unha conversa telefónica mantida o 8 de agosto de 2016, envióuselle un cuestionario previo vía correo electrónico o 9 de agosto, que foi respondido de xeito presencial na entrevista do día 16.
- O día 10 de agosto envióuselle un cuestionario previo a Cristina Abelleira, xornalista responsable da información municipal en *La Voz de Galicia* entre 1990 e 2013, e responsable de comunicación do BNG de Carballo desde 2014. O cuestionario foi respondido o día 18.

## **8. ANEXOS DOCUMENTAIS E ESTATÍSTICOS**

### **I. Cuestionarios realizados aos entrevistados:**

- a) Entrevista a Evencio Ferrero
- b) Entrevista a Manuel Andrade
- c) Entrevista a José Antonio Viña
- d) Entrevista a Manuel Varela
- e) Entrevista a Cristina Abelleira

### **II. Resultados electorais**

- a) PDF dos resultados electorais por mesas en 2003 e 2007
- b) PDF das páxinas da edición de Carballo de *La Voz de Galicia* cos resultados das mesas electorais en 2011 e 2015.

## **ENTREVISTA EVENCIO FERRERO**

- Cal é a implantación do nacionalismo na sociedade carballese? É maior que no resto de Galicia? Se é así, a que é debido?
- A que se debe o elevado grao de apoios ao BNG respecto ao resto do país? Por que escapa o BNG carballés á tendencia xeral do BNG nos últimos anos?
- Por que se consolida o BNG como opción de goberno en Carballo tras acceder á alcaldía?
- Que se fixo para captar esa parte de votantes que non optan polo BNG noutras citas electorais?
- Por que se comeza a gañar na zona rural?
- Que proxecto político ofrece o BNG para Carballo?
- Sobre a chegada á alcaldía. Que ocorre entre 1999 e 2003?
- Como foron as negociacións para a investidura e para o pacto de goberno?
- Como se decidiu o reparto das áreas de goberno?
- Que se fixo ben e que se fixo mal no tripartito?
- Que ocorreu para que o BNG fose o máis beneficiado electoralmente tanto do bipartito como do tripartito?
- Cales foron os principais temas de debate na axenda política carballese ao longo da túa traxectoria política?
- Como é a relación entre o goberno e a Administración municipal?
- Que ten que ver a división dos partidos de centro-dereita en Carballo nos resultados das eleccións municipais? Por que o PP non volveu recuperar o terreo perdido en 2003?
- Cómo se explica a dinámica electoral do PSdeG-PSOE nas sucesivas eleccións municipais? Por que non se conseguiu nunca superar o teito dos tres concelleiros?
- Ata que punto chega a influencia dos medios de comunicación nas decisións do goberno? E no comportamento electoral dos cidadáns?

## **ENTREVISTA A MANUEL ANDRADE**

- Como comeza a súa traxectoria política?
- Que pasou antes das eleccións do ano 1991?
- A que se dedicou no paréntese da vida política?
- Por que decide regresar no ano 2003? A que cre que se debeu o éxito do CDI?
- Cómo foron as negociacións para a sinatura do tripartito con BNG e PSdeG-PSOE?
- Como foi a experiencia do goberno tripartito?
- Por que se rompe o tripartito?
- Que temas centraron o debate político desde o 2003?
- Como é a relación entre o goberno e os concelleiros coa administración municipal?
- Ata que punto chega a influencia dos medios de comunicación nas decisións do goberno e no comportamento electoral dos cidadáns?
- Que ten que ver a división dos partidos de centro-dereita en Carballo nos resultados das eleccións municipais? Por que o PP non volveu recuperar o terreo perdido en 2003?
- Cómo se explica a dinámica electoral do PSdeG-PSOE nas sucesivas eleccións municipais? Por que non se conseguiu nunca superar o teito dos tres concelleiros?
- Pódese falar dun bipartidismo PP-BNG en Carballo?
- Por que a xente vota opcións tan diferentes a PP e BNG?
- Por que o BNG obtén mellores resultados en Carballo que no resto de Galicia?
- Que importancia ten a figura de Evencio Ferrero nestes resultados?

## **ENTREVISTA JOSÉ ANTONIO VIÑA**

- Breve resumo da túa traxectoria política.
- Como decides dar o paso para ser candidato en 2003?
- Cómo foron as negociacións para a sinatura do tripartito? Que acertos e erros houbo nesta etapa?
- Cales foron as propostas para o programa de goberno en 2003, 2007 e 2011?
- Cal era a estratexia de goberno do tripartito de 2003 e o bipartito de 2007?
- Que temas centraron o debate político en 2003, 2007 e 2011? En que temas de política e xestión municipal adoita haber máis acordos entre os partidos, e en cales máis discrepancias?
- Como é a relación entre o goberno e a administración municipal?
- Ata que punto chega a influencia dos medios de comunicación nas decisións do goberno? E no comportamento electoral dos cidadáns?
- Cómo se explica a dinámica electoral do PSdeG-PSOE nas sucesivas eleccións municipais? Por que non se conseguiu nunca superar o teito dos tres concelleiros?
- Pódese falar dun bipartidismo PP-BNG en Carballo?
- Por que obtivo o BNG mellores resultados en Carballo que no resto do país?
- Tras entrar no goberno, por que se consolida o BNG como forza hexemónica na vila? Que 'batallas' gañaron?
- Que importancia ten a figura de Evencio Ferrero nestes resultados?
- Por que os carballese optan por un voto dual entre opcións antagónicas coma PP e BNG?
- Que ten que ver a división dos partidos de centro-dereita en Carballo nos resultados das eleccións municipais? Por que o PP non volveu recuperar o terreo perdido en 2003?

## **ENTREVISTA A MANUEL VARELA REY**

- Como decides dar o paso para ser candidato á alcaldía?
  - Que pasou no ano 1991? Por que gañou a lista independente?
  - Que proxecto de vila tiñan os independentes (e logo o PP) para Carballo?
  - Que logros destacaríaa do goberno entre 1991 e 2003?
  - Como foi a relación entre o goberno e a administración municipal?
  - Cales foron os principais asuntos do debate político neste período?
  - Que ocorre cos dous concelleiros díscolos no ano 2001?
  - Cales eran as expectativas para as eleccións de 2003? Víase vir a perda de apoios? A que cre que foi debida?
  - O voto de Andrade para a investidura de Evencio foi unha vinganza polo que pasou no 1991?
  - Como foron as negociacións para intentar un acordo con CDI? Pensou en renunciar? En que momento decide abandonar a política municipal?
  - Que ten que ver a división dos partidos de centro-dereita en Carballo nos resultados das eleccións municipais? É posible unha unificación?
  - Por que o PP non volveu recuperar o terreo perdido en 2003?
- 
- Por que os carballese optan por un voto dual nas municipais e xerais entre opcións antagónicas coma PP e BNG?
  - Por que obtivo o BNG mellores resultados en Carballo que no resto do país nas sucesivas eleccións municipais?
  - Hai unha implantación maior do nacionalismo en Carballo que no resto de Galicia? Se é así, a que é debida?
  - Que importancia ten a figura de Evencio Ferrero nestes resultados?
  - Pódese falar dun bipartidismo PP-BNG en Carballo?
  - Tras entrar no goberno, por que se consolida o BNG como forza hexemónica na vila? Que ‘batallas’ gañaron?
  - Ata que punto chega a influencia dos medios de comunicación nas decisións do goberno? E no comportamento electoral dos cidadáns?
  - Cómo se explica a dinámica electoral do PSdeG-PSOE nas sucesivas eleccións municipais? Por que non conseguiu nunca superar o teito dos tres concelleiros?

## **ENTREVISTA CRISTINA ABELLEIRA**

- Por que se consolida o BNG como opción de goberno en Carballo?
- Cales son as principais razóns do voto dual entre PP e BNG nas municipais e noutros procesos electorais?
- Que grao de implantación ten o nacionalismo na sociedade carballesa?
- A que se debe o elevado grao de apoios ao BNG respecto ao resto do país? Por que escapa o BNG carballés á tendencia xeral do BNG?
- Que ten que ver a división dos partidos de centro-dereita en Carballo nos resultados das eleccións municipais? Por que o PP non volveu recuperar o terreo perdido en 2003?
- Hai un bipartidismo BNG-PP en Carballo?
- Cómo se explica a dinámica electoral do PSdeG-PSOE nas sucesivas eleccións municipais? Por que non se conseguiu nunca superar o teito dos tres concelleiros?
- Que papel xogou Manuel Andrade na política carballesa?
- Sería alcalde Evencio sen Andrade?
- Cal é a importancia da figura de Evencio Ferrero no éxito electoral do BNG?
- Cales foron os éxitos do BNG a nivel comunicativo?
- Cales foron os principais temas da axenda política e informativa desde que comezaches a cubrir a información local de Carballo?
- Ata que punto chega a influencia dos medios de comunicación nas decisións do goberno? E no comportamento electoral dos cidadáns?
- No debate político, que enfoques conseguiron impoñer os partidos nos medios de comunicación e na cidadanía?
- Cómo se planificou a campaña do BNG en 2015? A que se debeu a consecución da maioría absoluta?

# COMPARACIÓN DE RESULTADOS

## ELECCIONS LOCAIS 2003

### RESULTADOS

#### CASCO URBANO

##### VOTOS

| Mesas  | XARDÍN |     |       | COLEXIO BERGANTIÑOS |     |     |     |     |     | A MILAGROSA |     |     | A CRISTINA |     |         |      | COLEXIO FOGAR |     |     | A. BRAÑAS |     |      | TOTAL |        |
|--------|--------|-----|-------|---------------------|-----|-----|-----|-----|-----|-------------|-----|-----|------------|-----|---------|------|---------------|-----|-----|-----------|-----|------|-------|--------|
|        | 1U     | 25U | Total | 2U                  | 5A  | 5B  | 6U  | 24A | 24B | Total       | 4A  | 4B  | Total      | 23U | 29A-29B | 30U  | Total         | 3A  | 3B  | Total     | 26U | 27U  |       | Total  |
| PP     | 210    | 149 | 359   | 245                 | 151 | 135 | 190 | 122 | 99  | 942         | 176 | 153 | 329        | 169 | 302     | 272  | 743           | 133 | 152 | 285       | 191 | 237  | 428   | 3.086  |
| BNG    | 261    | 154 | 415   | 230                 | 178 | 162 | 126 | 84  | 97  | 877         | 146 | 156 | 302        | 187 | 313     | 207  | 707           | 141 | 133 | 274       | 291 | 271  | 562   | 3.137  |
| CDI    | 59     | 57  | 116   | 67                  | 55  | 45  | 46  | 39  | 41  | 293         | 48  | 61  | 109        | 37  | 108     | 110  | 255           | 55  | 60  | 115       | 103 | 121  | 224   | 1.112  |
| PSOE   | 102    | 49  | 151   | 76                  | 60  | 56  | 57  | 31  | 42  | 322         | 66  | 59  | 125        | 76  | 108     | 131  | 315           | 75  | 94  | 169       | 127 | 105  | 232   | 1.314  |
| PDV    | 27     | 26  | 53    | 17                  | 14  | 10  | 10  | 7   | 5   | 63          | 21  | 22  | 43         | 23  | 20      | 18   | 61            | 16  | 22  | 38        | 11  | 38   | 49    | 307    |
| Branco | 6      | 12  | 18    | 9                   | 8   | 4   | 9   | 4   | 2   | 36          | 4   | 6   | 10         | 6   | 18      | 7    | 31            | 8   | 9   | 17        | 10  | 9    | 19    | 131    |
| Nulos  | 0      | 1   | 1     | 1                   | 2   | 0   | 1   | 1   | 0   | 5           | 2   | 0   | 2          | 2   | 2       | 2    | 6             | 0   | 4   | 4         | 0   | 2    | 2     | 20     |
| Total  | 665    | 448 | 1113  | 645                 | 468 | 412 | 439 | 288 | 286 | 2538        | 463 | 457 | 920        | 500 | 871     | 747  | 2118          | 428 | 474 | 902       | 733 | 783  | 1516  | 9.107  |
| CENSO  | 855    | 588 | 1443  | 850                 | 621 | 550 | 630 | 379 | 385 | 3415        | 612 | 631 | 1243       | 699 | 1194    | 1023 | 2916          | 550 | 601 | 1151      | 930 | 1037 | 1967  | 12.135 |

| Mesas   | XARDÍN |     |       | COLEXIO BERGANTIÑOS |    |    |    |     |     | A MILAGROSA |    |    | A CRISTINA |        |         |        | COLEXIO FOGAR |       |    | A. BRAÑAS |       |     | TOTAL |       |       |
|---------|--------|-----|-------|---------------------|----|----|----|-----|-----|-------------|----|----|------------|--------|---------|--------|---------------|-------|----|-----------|-------|-----|-------|-------|-------|
|         | 1U     | 25U | Total | 2U                  | 5A | 5B | 6U | 24A | 24B | Total       | 4A | 4B | Total      | 23U    | 29A-29B | 30U    | Total         | 3A    | 3B | Total     | 26U   | 27U |       | Total |       |
| PP      |        |     | 32,26 |                     |    |    |    |     |     | 37,12       |    |    | 35,76      | 33,80  |         | 34,67  | 36,41         | 35,08 |    |           | 31,60 |     |       | 28,23 | 33,89 |
| BNG     |        |     | 37,29 |                     |    |    |    |     |     | 34,55       |    |    | 32,83      | 37,40  |         | 35,94  | 27,71         | 33,38 |    |           | 30,38 |     |       | 37,07 | 34,45 |
| CDI     |        |     | 10,42 |                     |    |    |    |     |     | 11,54       |    |    | 11,85      | 7,40   |         | 12,40  | 14,73         | 12,04 |    |           | 12,75 |     |       | 14,78 | 12,21 |
| PSOE    |        |     | 13,57 |                     |    |    |    |     |     | 12,69       |    |    | 13,59      | 15,20  |         | 12,40  | 12,81         | 14,87 |    |           | 18,74 |     |       | 15,30 | 14,43 |
| PDV     |        |     | 4,76  |                     |    |    |    |     |     | 2,48        |    |    | 4,67       | 4,60   |         | 2,30   | 2,41          | 2,88  |    |           | 4,21  |     |       | 3,23  | 3,37  |
| Branco  |        |     | 1,62  |                     |    |    |    |     |     | 1,42        |    |    | 1,09       | 1,20   |         | 2,07   | 0,94          | 1,46  |    |           | 1,88  |     |       | 1,25  | 1,44  |
| Nulos   |        |     | 0,09  |                     |    |    |    |     |     | 0,20        |    |    | 0,22       | 0,40   |         | 0,23   | 0,27          | 0,28  |    |           | 0,44  |     |       | 0,13  | 0,22  |
| Total   |        |     | 100   |                     |    |    |    |     |     | 100         |    |    | 100        | 100,00 |         | 100,00 | 100,00        |       |    | 100,00    |       |     | 100   | 100   |       |
| PARTIC. |        |     | 77,13 |                     |    |    |    |     |     | 74,32       |    |    | 74,0145    |        |         |        | 72,63         |       |    | 78,367    |       |     | 77,07 | 75,05 |       |

#### ZONA RURAL

##### VOTOS

| Mesas  | A BRE A | 7U     | 8A  | 8B  | Total | 9A  | 9B   | Total | 10U | 11U | 12U | 13A    | 13B | 14U | 15U | 16U | 17A | 17B | 19U | 20U | 21A | 21B | 22U  | TOTAL |
|--------|---------|--------|-----|-----|-------|-----|------|-------|-----|-----|-----|--------|-----|-----|-----|-----|-----|-----|-----|-----|-----|-----|------|-------|
|        | CERA    | (inclu | O   | SIS | TOA   | BÉR | DILL | BÉR   | ART | ANA | ARD | (inclu | ANS | CAN | OZA | AN- | SOF | RUS | RUS | ENT | RAZ | LEM | VILE |       |
| PP     | 287     | 292    | 277 | 569 | 182   | 203 | 385  | 344   | 261 | 227 | 218 | 126    | 126 | 222 | 331 | 317 | 263 | 143 | 239 | 219 | 119 | 77  | 182  | 4.529 |
| BNG    | 143     | 53     | 66  | 119 | 95    | 94  | 189  | 169   | 92  | 91  | 120 | 133    | 133 | 85  | 150 | 188 | 90  | 62  | 92  | 99  | 111 | 31  | 102  | 2.066 |
| CDI    | 68      | 67     | 81  | 148 | 94    | 102 | 196  | 146   | 91  | 107 | 120 | 173    | 173 | 87  | 129 | 85  | 156 | 139 | 234 | 290 | 67  | 68  | 168  | 2.472 |
| PSOE   | 70      | 33     | 27  | 60  | 66    | 63  | 129  | 70    | 48  | 63  | 36  | 42     | 42  | 75  | 96  | 42  | 35  | 29  | 85  | 34  | 41  | 5   | 48   | 1.008 |
| PDV    | 32      | 30     | 26  | 56  | 17    | 31  | 48   | 11    | 6   | 15  | 16  | 6      | 6   | 1   | 6   | 5   | 12  | 8   | 8   | 12  | 7   | 6   | 15   | 270   |
| Branco | 2       | 10     | 0   | 10  | 5     | 6   | 11   | 11    | 7   | 4   | 0   | 4      | 4   | 6   | 12  | 5   | 9   | 2   | 3   | 3   | 3   | 2   | 3    | 97    |

|       |     |      |      |      |     |     |      |     |     |     |      |     |     |     |     |     |     |     |     |     |     |     |        |
|-------|-----|------|------|------|-----|-----|------|-----|-----|-----|------|-----|-----|-----|-----|-----|-----|-----|-----|-----|-----|-----|--------|
| Nulos | 0   | 12   | 8    | 20   | 3   | 2   | 5    | 2   | 3   | 6   | 26   | 1   | 0   | 2   | 1   | 4   | 1   | 0   | 3   | 1   | 0   | 1   | 76     |
| Total | 602 | 497  | 485  | 982  | 462 | 501 | 963  | 753 | 508 | 513 | 536  | 485 | 476 | 726 | 643 | 569 | 384 | 661 | 660 | 349 | 189 | 519 | 10.518 |
| CENSO | 752 | 1805 | 1878 | 3683 | 560 | 595 | 1155 | 919 | 601 | 662 | 1583 | 587 | 639 | 874 | 777 | 671 | 489 | 830 | 757 | 461 | 216 | 673 | 11.104 |

| %       | ABRE A | O  | SIS AM | Total | 9A | 9B | Total | BER DIL LO | ART ES | ANA   | ARD ANA | GOI ANS | CAN CES | OZA   | PRA   | SOF AN- AN- | TAR   | RUS ON | RUC OUT | REC   | ENT   | RAZ O | LEM A | VIL ELA | NOI CEL A |
|---------|--------|----|--------|-------|----|----|-------|------------|--------|-------|---------|---------|---------|-------|-------|-------------|-------|--------|---------|-------|-------|-------|-------|---------|-----------|
| Mesas   | 7U     | 8A | 8B     | Total | 9A | 9B | Total | 10U        | 11U    | 12U   | 13A     | 13B     | 14U     | 15U   | 16U   | 17A         | 17B   | 19U    | 20U     | 21A   | 21B   | 22U   |       |         |           |
| PP      | 47,67  |    |        | 57,94 |    |    | 39,98 | 45,68      | 51,38  | 44,25 | 40,67   | 25,98   | 46,64   | 45,59 | 49,30 | 46,22       | 37,24 | 36,16  | 33,18   | 34,10 | 40,74 | 35,07 |       |         |           |
